

Código: ChT-001

Título: Cancro e animais

Profesorado: Quiroga Berdeal, M^a Isabel

(misabel.quiroga@usc.es/ 982822304)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias/

Resumo:

Na charla proposta mostrarase con abundante iconografía como se realiza nun laboratorio de anatomía patolóxica veterinaria o procesamento de mostras e o diagnóstico do cancro a partir dos tecidos. Discutirase a forte similitude que algúns cancros dos animais presentan con tipos frecuentes en medicina humana. E finalmente farase unha actividade interactiva de presentación de casos prácticos en distintas especies empregando microscopia dixital.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente nos meses de outubro-febreiro. Distancia máxima 150 Kms

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-002

Título: Que pode facer a economía por ti? E ti por ela?

Profesorado: Regueiro Ferreira, Rosa María

(rosamaria.regueiro@usc.es/ 881811574)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Economía Aplicada/ Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Resumo:

A charla céntrase en explicarlle ao alumnado que pode encontrar se decide estudar Economía, que pode recibir e que poden achegar como futuros estudantes desta disciplina e profesionais. Abordaranse os novos perfís vinculados á formación en Economía, considerando tamén a sustentabilidade e o impacto social.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Horario de mañá preferiblemente antes do mes de febreiro, aínda que podería adaptarme en función do día. O tempo de desprazamento dende Santiago non deberá ser superior a 45 minutos de coche, na ida, e 45 minutos en coche, na volta

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-003

Título: Microfluídica aplicada á biomedicina: novos avances na síntese e avaliación de nanomateriais terapéuticos.

Profesorado: Ogando Cortés, Alejandro

(alejandroogando.cortes@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física de Partículas/ Instituto de Materias (iMATUS)

Resumo:

Os órganos-nun-chip son dispositivos miniaturizados coas características biolóxicas dun órgano. O seu uso acurta a brecha entre a investigación e a realidade clínica e diminúe a necesidade de empregar modelos animais. Xunto coa síntese controlada de nanosistemas terapéuticos, colocan os dispositivos de microfluídica á vangarda da biomedicina.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A miña dispoñibilidade xeográfica abrangue a comarca do Morrazo así como calquera municipio ao que se poida acceder en tren dende Santiago de Compostela. Ademáis só estarei dispoñible a partir de xaneiro de 2026 (incluído).

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-004

Título: Entre lumes e apelidos anda o conto

Profesorado: Ginzo Villamayor, M^a José

(mariajose.ginzo@usc.es/ 881813378)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Estatística, Análise Matemática e Optimización/ CITMAga

Resumo:

Nesta charla falarase da investigación levada a cabo relacionada cos incendios forestais e presentaranse diferentes ferramentas desenvolvidas. Na segunda parte falarase dos apelidos da contorna do centro e as súas relacións.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Xornada de mañá. Quero charlas solo no 2º cuatrimestre

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-005

Título: A dieta atlántica é saúde

Profesorado: Vázquez Belda, Beatriz Isabel

(beatriz.vazquez@usc.es/ 982-822405)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/

Resumo:

As maiores epidemias sanitarias crónicas do século XXI non se contaxian: "CÓMENSE". A DIETA ATLÁNTICA propia de Galicia, que se caracteriza polo consumo de produtos de proximidade, que inclúe gran variedade de peixes, carnes, verduras, legumes etc., e que vai acompañada dun estilo de vida beneficioso, é unha das dietas máis saudables e aínda así nas novas xeracións está a perderse.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Só centros escolares de Lugo Cidade.

Horario calquera a convir con centro (que non coincida coas miñas clases na USC)

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-006

Título: Nanotecnoloxía: realidade ou ficción

Profesorado: Fraga López, Francisco José

(francisco.fraga@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Física Aplicada/

Resumo:

Dáse unha visión da aplicación da nanotecnoloxía en diferentes sectores da sociedade. Faise fincapé nos retos de futuro e póñense exemplos da súa aplicabilidade en áreas como medicina, enxeñaría e alimentación.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non hai**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-007

Título: Pódese rexenerar o cerebro?

Profesorado: Rodríguez Pallares, Jannette

(jannette.rodriguez@usc.es/ 8818 15466)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Ciencias Morfolóxicas/ Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS)

Resumo:

Nesta charla falaremos de como se ve afectado o cerebro en enfermidades neurolóxicas e neurodexenerativas, que estratexias terapéuticas existen, da capacidade de rexeneración que ten o cerebro humano e como podemos modulala.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A charla impartirase preferentemente a partir de xaneiro e en centros de Santiago de Compostela o próximos.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 1

Código: ChT-008

Título: Que significa que o turismo é sostible?

Profesorado: Fernández Fernández, Melchor

(melchor.fernandez@usc.es/ 881811551)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Fundamentos da Análise Económica/

Resumo:

O obxectivo da charla é reflexionar sobre a posibilidade dun turismo que contribúa aos obxectivos de desenvolvemento sostible e que teña plenamente en conta as repercusións económicas, sociais e ambientais actuais e futuras para compatibilizar o desenvolvemento da actividade turística coa protección do territorio e as necesidades da sociedade receptora.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente Luns ou Martes no primeiro cuadrimestre. No segundo cuadrimestre preferiblemetne mercores ou venres,

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-009

Título: Nós fronte ao cancro: inmunoterapia.

Profesorado: Tobío Ageitos, Araceli

(araceli.tobio.ageitos@usc.es/ 881814989)

Facultade/Escola: Facultade de Farmacia (S)

Departamento universitario: Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica/

Resumo:

Achegamento ás bases da inmunoterapia na loita fronte ao cancro, facendo un percorrido polas distintas estratexias terapéuticas que se empregan na actualidade, co fin de entender como podemos potenciar o noso sistema inmune para a loita fronte a esta doenza.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non se establecen condicións.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5



Código: ChT-010

Título: As matemáticas do século XXI

Profesorado: Macías Virgós, Enrique

(quique.macias@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Matemáticas/

Resumo:

As matemáticas son a base de todas as ciencias. As súas aplicacións, moitas veces inesperadas, chegan a ámbitos tan distintos como a enxeñaría, a medicina ou a economía. Ademais, nestes últimos anos están a xurdir novas ideas que nos axudan a entender como funciona a natureza e a coñecer o universo no que vivimos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) só a partir de novembro, sen restriccións

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-011

Título: A rede galáctica: unha historia de internet

Profesorado: Macías Virgós, Enrique

(quique.macias@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Matemáticas/

Resumo:

Nesta charla veremos como naceu e como funciona Internet. Tamén contaremos como se organiza, como se almacenan e transmiten os seus contidos, a que principios científicos responde e como se analiza e xestiona ese inmenso espazo dixital.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **so a partir de novembro (antes non teño coche)**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5



Código: ChT-012

Título: A aprendizaxe-servizo como metodoloxía activa e motivadora na universidade

Profesorado: Santos Rego, Miguel A

(miguelangel.santos@usc.es/ 881 813755)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias da Educación (S)

Departamento universitario: Pedagogía e Didáctica/ Instituto de Ciencias da Educación (ICE)

Resumo:

Trátase de salientar a metodoloxía de aprendizaxe-servizo e os seus compoñentes motivacionais na aprendizaxe universitaria xunto a exemplos e implicacións respecto da avaliación.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Luns, Mércores e xoves

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-013

Título: A vaca que alansa

Profesorado: Fouz Dopacio, Ramiro

(ramiro.fouz@usc.es/ 982822400)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias/

Resumo:

Revisión do sistema respiratorio da vaca e como a súa fisioloxía inflúe no seu rendemento produtivo e no seu benestar.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Opcional. A concretar co Centro donde se imparta.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-014

Título: Maridaxe de matemáticas e informática

Profesorado: Pena Brage, Francisco José

(fran.pena@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S) e Facultade de Matemáticas (S).

Departamento universitario: Matemática Aplicada/

Resumo:

Unha nova área da ciencia está a abrirse camiño. Grazas á potencia de cálculo das computadoras, a modelización matemática dos fenómenos da natureza pode cobrar vida para estudar as implicacións dos resultados teóricos da ciencia. Este é un exemplo de maridaxe intelectual que require o coñecemento de varias disciplinas e que nos servirá de motivación para falar da titulación dobre en matemáticas e enxeñaría informática implantada na USC.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) O estudantado debe estar familiarizado co concepto de derivada e sistema linear.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-015

Título: O proxecto de enxeñaría

Profesorado: Barrasa Rioja, Martín

(martin.barrasa@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría/

Resumo:

Breve introdución ao proxecto de enxeñaría tanto na formación do enxeñeiro como no seu desenvolvemento profesional.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferible segundo semestre

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-016

Título: Atracción Fatal

Profesorado: Cabaleiro Sobrino, Cristina

(cristina.cabaleiro@usc.es/ 982823101 /)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría/

Resumo:

Hai algunha forza máis poderosa que o amor? Pois si, o sexo, claro; e os insectos son vítimas desta atracción fatal. A síntese de feromonas sexuais permitiu desenvolver novas opcións, ás veces moi imaxinativas, para o control de pragas agrícolas. Os machos "perden a cabeza" e caen en trampas ou voan confundidos. O control biotecnolóxico de insectos praga xa é posible sen utilizar insecticidas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Xaneiro e Febreiro

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-017

Título: O mundo dos solos, os solos do mundo.

Profesorado: Otero Pérez, Xosé Luis

(xl.otero@usc.es/ 881813300)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Edafoloxía e Química Agrícola/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

A charla céntrase na presentación da diversidade dos solos que existen no mundo, comentando de xeito resumido as súas propiedades e as causas que conducen a esa diversidade. Seguidamente coméntase a relevancia dos solos na conservación da biodiversidade e a súa importancia económica para a humanidade. Finalmente, preséntanse os procesos degradativos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente venres. Meses: dende xaneiro a maio.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-018

Título: A linguaxe non verbal e a estética facial como medio de comunicación

Profesorado: Suárez Quintanilla, José María

(josemaria.suarez@usc.es/ 981585046)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas/

Resumo:

A estética facial e as súas expresións supoñen unha importante arma no proceso de comunicación non verbal dos seres humanos. Vanse describir os factores que teñen influencia no desenvolvemento da comunicación e como podemos influír neles.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente un miércoles por la mañana

Horario de mañana

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-019

Título: Radón e efectos sobre a saúde

Profesorado: Ruano Raviña, Alberto; Martín de Bernardo, Lucía

(alberto.ruano@usc.es; lucia.martindebernardo@usc.es/ 881812278)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina/
Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

O radón é a segunda causa de cancro de pulmón despois do tabaco. A exposición a radón en Galicia está relacionada co 7% da mortalidade por cancro de pulmón. Os niveis de radón tanto de lugares de traballo como no ámbito doméstico poden medirse mediante detectores de trazas alfa dun xeito sinxelo e de ser alta a concentración a súa redución en lugares pechados é posible. Informar á poboación sobre o impacto na saúde dos carcinógenos ambientais e como enfrontarse a eles é o obxectivo principal desta charla, ademais de poñer enriba da mesa a investigación que a USC fai neste eido.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá. Distancia: 70
kilómetros**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-020

Título: As bebidas enerxéticas: un risco emerxente

Profesorado: Pérez Ríos, Mónica; Teijeiro Teijeira, Ana; García, Guadalupe

(monica.perez.rios@usc.es; anat.teijeira@usc.gal; guada.garcia@usc.gal/ 881812277; 881812278)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina/
Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

As bebidas enerxéticas son bebidas non alcohólicas que conteñen estimulantes como a cafeína. O seu consumo ten un impacto negativo sobre a saúde, especialmente nos máis novos. Outro problema é a mestura co alcohol. Na nosa contorna diferentes países xa prohibiron a súa venda a menores.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) 40 kilómetros, a non ser que se poida ir en tren. Horario de mañá

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-021

Título: Leonardo: a representación gráfica das súas ideas

Profesorado: López González, Francisco Javier

(franciscojavier.lopez@usc.es/ 982823211)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Pode considerarse a Leonardo da Vinci (1452-1519) como o verdadeiro precursor do sentido moderno do debuxo técnico e do deseño. Nesta charla fálase da súa enigmática figura e tamén se fai unha introdución ao debuxo técnico, e máis concretamente á xeometría descritiva, tomando a figura de Leonardo e a súa curiosa e extraordinaria obra como punto de partida desta disciplina.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente polas mañás e despois do 10 de decembro.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-022

Título: Os cigarrillos electrónicos

Profesorado: Rey Brandariz, Julia;Candal Pedreira, Cristina

(juliarey.brandariz@usc.es;c.candal.pedreira@usc.es/ 881812279)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina/

Resumo:

Os cigarros electrónicos foron introducidos como unha alternativa para deixar de fumar pero os máis novos están sendo os seus principais consumidores. Que son estes produtos, quen os usa, que se sabe do seu impacto en saúde e as estratexias de márketing utilizadas para publicitalos serán os temas principais desta charla

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Horario de mañana, distancia máxima 70 km dende Santiago

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-023

Título: De onde sae un medicamento

Profesorado: Botana López, Luis Miguel

(Luis.botana@usc.es/ 982822233)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica/

Resumo:

Explicación histórica da orixe dos medicamentos, a súa relación coa historia e a arte.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non hai

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-024

Título: As toxinas mariñas como orixe de medicamentos e indicadores do cambio climático

Profesorado: Botana López, Luis Miguel

(Luis.botana@usc.es/ 982822233)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica/

Resumo:

Historia das toxinas mariñas, a súas relacións co cambio climático e a seguridade alimentaria, e o seu uso como orixe de medicamentos

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-025

Título: British and American History through TV Shows and Films

Profesorado: Jiménez Placer, Susana; Mourón Figueroa, Cristina

(cristina.mouron@usc.es; susanamaria.jimenez@usc.es/ 881811832; 881811855)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Filoloxía Inglesa e Alemá/

Resumo:

O auxe das adaptacións de corte histórico á gran e á pequena pantalla é innegable e parece imparabile. Esta charla ofrecerá unha panorámica de películas e series sobre historia británica e americana como complemento ás materias de lingua inglesa que os estudantes cursan en secundaria e bacharelato e onde non se profunda nestes aspectos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Segundo cuatrimestre, horario de mañá (entre marzo e maio). Distancia máxima de 100 kms.

Idioma en que se impartirá: Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 1

Código: ChT-026

Título: Harry Potter and British Tradition: Ghosts, Fairies and Fabulous Beasts

Profesorado: Mourón Figueroa, Cristina

(cristina.mouron@usc.es/ 881811832)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Filoloxía Inglesa e Alemá/

Resumo:

A saga Harry Potter (1997-2007) supuxo, sen dúbida ningunha, unha revolución no ámbito da literatura fantástica xuvenil e mesmo, hoxe en día, véñse estudando dentro do canon literario inglés. Esta charla ofrece unha panorámica das pantasma, as fadas e os animais fantásticos en Harry Potter e a súa conexión coa tradición e o folklore británicos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Segundo cuatrimestre do 2025-2026 (marzo a maio). Distancia máxima 150 km.

Idioma en que se impartirá: Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 1

Código: ChT-027

Título: Picar no óso

Profesorado: Fernández de Trocóniz Revuelta, Patricia

(patricia.troconiz@usc.es/ 982822321)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias/

Resumo:

Daremos un paseo pola xeografía do esqueleto -tanto humano como animal-, para ver aspectos curiosos e, se cadra, descoñecidos da armazón que sustenta o corpo. Porén, non só serán estes os protagonistas: ademais veremos algunhas outras cousas interesantes. A charla ilústrase con imaxes, claro, pero principalmente con pezas reais para ver e tocar.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Dispoñible nos meses de xaneiro a marzo, previa consulta da posible data e horario. Preferiblemente na provincia de Lugo xa que o desprazamento non debe levar máis de 1 hora (aproximadamente) dende a Facultade de Veterinaria-Campus de Lugo ata o centro de**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-028

Título: O tratamento dos síntomas da contemporaneidade segundo a psicanálise de orientación lacaniana.

Profesorado: Conde Soto, Francisco

(francisco.conde@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Filosofía (S)

Departamento universitario: Filosofía e Antropoloxía/

Resumo:

Trátase de iniciar ao alumnado dos centros de ensino público na maneira de tratar os síntomas psíquicos contemporáneos por parte da psicanálise de orientación lacaniana.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Mañá. Segundo semestre (a partir do mes de xaneiro). Distancia máxima 100km dende Santiago de Compostela.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-029

Título: A biodiversidade global como obxecto de estudo e conservación

Profesorado: Gómez-Rodríguez, Carola; Baselga Fraga, Andrés

(carola.gomez@usc.es; andres.baselga@usc.es/ 881813320, 881813278)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioloxía Funcional/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

A crise da biodiversidade é un dos principais retos que temos que afrontar como sociedade xa a que a supervivencia do planeta, tal e como o coñecemos hoxe, depende dela. Nesta charla exploramos cal foi, cal é, e cal debería ser o foco da investigación para acadar con éxito a conservación da biodiversidade global.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Septiembre-Enero // horario de mañana // 30 km**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-030

Título: Determinación da cantidade de madeira que contén un bosque

Profesorado: Riesco Muñoz, Guillermo

(guillermo.riesco@usc.es/ 982823233)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Pódese coñecer a cantidade de madeira dun bosque, así como a evolución desa cantidade a medida que medra a árbore, con técnicas que utilizan os enxeñeiros de montes e os enxeñeiros técnicos forestais. Ao coñecer a cantidade de madeira dispoñible pódense tomar decisións sobre como xestionar racionalmente o recurso forestal e o monte no seu conxunto.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañana**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-031

Título: Biomedicina, agullas e paleiros

Profesorado: Salgado Castro, Francisco Javier; Nieto Fontarigo, Juan José

(franciscojavier.salgado@usc.es; juanjose.nieto.fontarigo@usc.es/ 881816936 (despacho no CIBUS de ambos profesores))

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioquímica e Bioloxía Molecular/ CIBUS

Resumo:

A análise da abundancia de proteínas en fluídos biolóxicos como urina, plasma, soro ou líquido cefalorraquídeo leva décadas empregándose no diagnóstico e prognóstico de múltiples enfermidades. Inicialmente, o interese centrábase na cuantificación total de proteínas presentes nas mostras. Co tempo, esta aproximación evolucionou cara á identificación de grupos específicos de proteínas mediante técnicas como a electroforese, ou á detección dirixida de proteínas alteradas por procesos patolóxicos ou intervencións terapéuticas, a través de inmunoensaios. Estas proteínas específicas constitúen o que coñecemos como biomarcadores.

Desde finais do século XX, a aparición da proteómica revolucionou este campo, e permitiu analizar de forma simultánea centos de proteínas en busca de novos biomarcadores. Non obstante, esta tarefa continúa sendo extremadamente complexa, comparable a buscar a "agulla nun paleiro".

Nesta charla abordaremos o papel da proteómica no ámbito clínico, presentando casos de éxito e os beneficios que pode achegarlle á saúde. Tamén analizaremos os principais retos tecnolóxicos e metodolóxicos que cómpre superar para avanzar neste tipo de estudos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá. Distancia máxima 100 km.**

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-032

Título: Estimación da data da morte

Profesorado: Muñoz Barús, José Ignacio

(joseignacio.munoz.barus@usc.es/ 881812325)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría/ Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" (INCIFOR)

Resumo:

A importancia da correcta determinación da data da morte é crucial na medicina legal pola súa transcendencia ética humanitaria, penal, civil, administrativa ... Algúns métodos caracterízanse por presentar unha descrición matemática e proba da precisión (temperatura cadavérica e a bioquímica vítrea), outros presentan unha descrición subxectiva pero con precisión cuantificada (fenómenos supravitales) e outros se caracterizan por estimacións empíricas (fenómenos cadavéricos)

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non, agás problemas de axenda

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-033

Título: A evolución cadavérica

Profesorado: Muñoz Barús, José Ignacio

(joseignacio.munoz.barus@usc.es/ 881812325)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría/ Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" (INCIFOR)

Resumo:

Responderase a pregunta Que lle pasa ao corpo logo de morrer? Os fenómenos cadavéricos conservadores e destrutores.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non, agás problemas de axenda

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-034

Título: As especies invasoras: o caso da vespa velutina, impacto ecolóxico, social e métodos de control

Profesorado: Maside Rodríguez, Xulio

(xulio.maside@usc.gal/ 881 813 224)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física/

Resumo:

Nun contexto de quecemento global as especies exóticas invasoras son unha grave ameaza para a estabilidade dos ecosistemas e a diversidade biolóxica. Nesta palestra utilizaremos a vespa velutina como modelo de especies invasoras e analizaremos o seu impacto nos ecosistemas e na sociedade, e a medidas ao noso dispor para controlala e minimizar os danos que causa.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Con preferencia nos antes de febreiro 2026.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-035

Título: Do corazón da materia ao interior das estrelas

Profesorado: Álvarez Pol, Héctor

(hector.alvarez@usc.es/ 881813544)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física de Partículas/ Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)

Resumo:

Introdúcense os conceptos de física nuclear precisos para entender dende as reaccións que producen a enerxía do sol ata como se forman os elementos químicos que constitúen o sistema solar e o universo. Desta maneira, viaxaremos dende os compoñentes máis minúsculos do corazón da materia, os núcleos atómicos, ata as estruturas estelares nas que se forman, mediante reaccións nucleares, os distintos isótopos dos elementos que forman o mundo que nos rodea e nós mesmos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente antes de febreiro 2026. Concertar datas.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-036

Título: Cando o acoso psicolóxico entra pola porta da empresa, o bo clima laboral sae pola ventá.

Profesorado: Vázquez Rodríguez, Paula

(paula.vazquez@usc.es/ 982824475)

Facultade/Escola: Facultade de Administración e Dirección de Empresas (L)

Departamento universitario: Organización de Empresas e Comercialización/ Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

Resumo:

Nesta charla descubriremos o que acontece cando o lugar de traballo, que debería ser un espazo de crecemento e colaboración, se converte nun escenario de tensión, medo e sufrimento. O acoso psicolóxico no ámbito laboral –tamén coñecido como mobbing ou bullying at work– é unha realidade que afecta a milleiros de persoas, e non só ten consecuencias persoais, senón tamén un forte impacto nas organizacións.

A través dunha mirada desde o mundo da empresa, abordaremos os antecedentes que favorecen o acoso, os efectos que provoca nas persoas e no rendemento organizativo, e sobre todo, como se pode detectar, previr e combater dende unha boa xestión empresarial.

Porque o talento non medra en terreos tóxicos, é hora de falar claro sobre o acoso psicolóxico no traballo.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá, a partires de febreiro. Preferentemente provincia de Lugo.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-037

Título: A gandería na actualidade: heroes rurais ou viláns ambientais?

Profesorado: Rodríguez Rodríguez, Manuel Ramiro

(manuelramiro.rodriguez@usc.gal/ 982823258)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Producir alimentos ou pedir perdón por facelo? Nun mundo que esixe alimentos baratos, benestar animal e un planeta saudable, a gandería intensiva converteuse no albo perfecto. Nesta charla abordaremos as contradicións que atravesamos o sector gandeiro, sinalado —non sen polémica— como un dos grandes culpables do cambio climático. É xusto cargarlle todo o peso ambiental a quen nos alimenta? Pode a gandería adaptarse sen desaparecer? Un percorrido crítico por un debate tan candente como vixente.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Primeiro catrimestre: meses de decembro ou xaneiro. Segundo catrimestre: luns, martes ou mércores.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-038

Título: Curso acelerado en química orgánica: breve paseo polo mundo molecular

Profesorado: Peña Gil, Diego

(diego.pena@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/

Resumo:

Os seres vivos somos un puñado de moléculas. Non somos conscientes de que vivimos nun mundo molecular e que a nosa calidade de vida depende en gran medida da capacidade que temos para dominar ás moléculas. Pero para dominalas o primeiro é coñecelas. Esta charla é unha introdución persoal á química orgánica. Falarei da versatilidade do átomo de carbono e introduciréi moléculas relevantes que cambiaron o mundo, dende os fármacos ata os materiais.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **si puede ser 1 charla en provincia de A Coruña**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3



Código: ChT-039

Título: Xogando coa luz

Profesorado: Flores Arias, María Teresa; Arines Piferrer, Justo

(maite.flores@usc.es; justo.arines@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física Aplicada/

Resumo:

Charla divulgativa orientada a poñer en valor os usos da luz no mundo actual, dende a iluminación ata os seus usos industriais e científicos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.)

Idioma en que se impartirá: Galego; Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-040

Título: As arestas da sustentabilidade

Profesorado: Feijoo Costa, Gumersindo

(gumersindo.feijoo@usc.gal/)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

Unha boa diagnose da problemática ambiental pasa por ter un bos indicadores que representen a situación de partida. Unha vez o noso "termómetro ambiental" estea ben calibrado corresponde procurar as accións de mellora que teñan en conta os tres eixes da sustentabilidade: social, económico e ambiental.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **As condicións de contorno: (1) máxima distancia en coche sexa de 1 h 15 min e (2) máx. 3 IES durante o curso 2025-2026..**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-041

Título: Os alicerces institucionais da prosperidade

Profesorado: Del Río Iglesias, Fernando

(fernando.delrio@usc.es/ 881811677)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Fundamentos da Análise Económica/

Resumo:

Por qué uns países son ricos e outros pobres? Un exemplo atractivo e accesible para estudantado de secundaria permitiranos comprender a importancia de termos en conta as institucións (é dicir, as regras do xogo) para responder esta pregunta.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) As charlas deben ser os venres de setembro a xaneiro e de xaneiro a xuño poden tamén ser calquera outro día.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-042

Título: Mercados concorreniais: eficiencia e distribución

Profesorado: Del Río Iglesias, Fernando

(fernando.delrio@usc.es/ 881811677)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Fundamentos da Análise Económica/

Resumo:

Como funciona un mercado? Que tipo de asignacións produce? A que distribución dá lugar? Cal é a ética dos mercados? Hanse responder todas estas cuestións cun exemplo asequíbel aos estudantes de secundaria.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A charla debe ser os venres de setembro a xaneiro e de xaneiro a xuño tamén pode ser calquera outro día da semana.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-043

Título: O experimento da fenda dobre de Young e o estraño caso do Dr. Jekyll e o Sr. Hyde

Profesorado: Montero Orille, Carlos

(carlos.montero@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física Aplicada/

Resumo:

Utilizando, como referencia, o experimento da fenda dobre de Young, expóñense as teorías modernas sobre a natureza da luz e como estas foron alternando, ao longo dos últimos séculos, entre a teoría corpuscular e a teoría ondulatoria; do mesmo xeito que o personaxe de Stevenson alternaba o seu comportamento entre o do Dr. Jekyll e o do Sr. Hyde. Tamén se amosará como este experimento serviu para confirmar o carácter ondulatorio-corpuscular da materia, fenómeno a miúdo denominado dualidade onda-partícula. Un concepto cunha importante utilidade didáctica pero que presenta dificultades para integralo nun modelo completo que describa o comportamento das partículas e da luz. Farase unha pequena demostración experimental cun láser, e materiais doados de obter, e daranse pautas para que calquera oínte da charla poida realizar este experimento na casa.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario:** Última hora da mañá ou pola tarde; preferentemente, a partir do mes de Xaneiro

Distancia máxima: 160 Km de Santiago de Compostela

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-044

Título: Descubre o poder do francés: máis alá da lingua

Profesorado: Bourgoin Vergondy, Emmanuel

(emmanuel.bourgoin.vergondy@usc.es/ 881811845/986236225)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana/

Resumo:

A través desta charla, propoñemos achegar o alumnado de secundaria ao mundo da Filoloxía Francesa, unha disciplina que vai moito máis alá do estudo dunha lingua estranxeira. Falaremos da importancia do francés no contexto internacional, das saídas profesionais asociadas a estes estudos (ensino, tradución, interpretación, cooperación internacional, xestión cultural, diplomacia, turismo, etc.) e da riqueza cultural que implica coñecer a literatura, o cine ou a historia das ideas no ámbito francófono. A sesión será participativa, con exemplos prácticos e referencias próximas á súa realidade, co obxectivo de espertar o interese pola lingua e cultura francesas como opción de futuro académico e profesional.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Xoves ou Venres, mañá ou tarde. Vivo en Vigo, así que toda a provincia de Pontevedra.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego;Outro

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-045

Título: O misterio das algas asasinas e a síntese do amoníaco

Profesorado: Mauricio Iglesias, Miguel

(miguel.mauricio@usc.es/ 881816800)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/

Resumo:

A síntese de amoníaco a partir de nitróxeno atmosférico, desenvolvida nos anos 1910, puxo fin a moitas limitacións na produción de alimentos e mediante a síntese de fertilizantes artificiais, incrementou fortemente a produción de alimentos pero deu lugar á eutrofización das augas continentais con consecuencias severas para o medio ambiente.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Idealmente meses de xaneiro a maio, ambos incluídos

Idioma en que se impartirá: Galego;Inglés, Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-046

Título: Planificación ambiental das paisaxes rurais

Profesorado: Díaz Varela, Emilio Rafael

(emilio.diaz@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría/

Resumo:

As paisaxes rurais son o resultado da interacción entre actividades humanas (agricultura, gandería...) e o medio ambiente. En moitos casos, caracterízanse por unha alta diversidade ecolóxica e capacidade de provisión de servizos ambientais. Aínda así, a súa dinámica actual vese ameazada por mudanzas aceleradas no uso dos recursos naturais e dos modos de vida nas áreas rurais. Nesta charla veremos un repaso histórico do desenvolvemento das paisaxes rurais, a súa importancia na conservación da biodiversidade e outros valores ambientais, así como propostas para a súa planificación e ordenación.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Sen condicións particulares**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-047

Título: Para que serve a economía?

Profesorado: Rodríguez González, Xosé Antón

(xoseanton.rodriguez@usc.es/ 888111529)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Economía Cuantitativa/

Resumo:

Con esta charla búscase acercar ao alumnado a unha disciplina científica moi útil para a vida cotiá como é a economía. Expóñense os seus obxectivos, fortalezas e debilidades, así como o papel dos economistas, coa finalidade principal de intentar responder unha pregunta chave: serve realmente a economía para mellorar o benestar dos cidadáns?

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Por limitacións de tempo e desprazamento, é preferible impartir as charlas a partir de febreiro de 2026 e na zona de Santiago de Compostela e a súa contorna.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-048

Título: Supercondutividade

Profesorado: Mosqueira Rey, Jesús Manuel

(j.mosqueira@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física de Partículas/

Resumo:

Descríbese o fenómeno da supercondutividade, facendo un percorrido histórico desde o seu descubrimento en 1911 no mercurio a temperaturas preto do cero absoluto, até os modernos supercondutores de alta temperatura crítica. Farase fincapé nas aplicacións prácticas (presentes e futuras) baseadas nestes materiais. Finalmente, farase una demostración cun prototipo de tren de levitación magnética baseado en supercondutores, arrefriado con nitróxeno líquido.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá. Posiblemente non poda ir a centros a máis de 1:30 horas en coche dende Santiago**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-049

Título: Augas residuais, refugallo ou ouro negro?

Profesorado: Mosquera Corral, Anuska

(anuska.mosquera@usc.es/ 881816779)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnologías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

A auga, un ben prezado, contámínase cando a empregamos nos nosos fogares ou na industria. Para manter as nosas fontes naturais de auga en bo estado, debemos evitar que esta auga contaminada chegue ao medio ambiente. Isto faise nas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR). Actualmente, ademais de purificar a auga, explórase a posibilidade de transformar algúns dos seus compostos orgánicos en produtos útiles. Entre estes está o coñecido gas metano, que se pode empregar para producir enerxía, e, actualmente en desenvolvemento, a produción de biopolímeros con propiedades similares aos plásticos convencionais derivados do petróleo. Polo tanto, a idea é que as augas residuais pasen de ser un residuo a un recurso.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Meses para impartir la charla de preferencia entre diciembre y febrero.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-050

Título: Volcáns e aneis: actores e testemuñas do clima que transformou sociedades

Profesorado: García González, Ignacio

(ignacio.garcia@usc.es/ 982822434)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Botánica/ Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

Resumo:

As grandes erupcións explosivas teñen unha forte influencia sobre o clima da Terra, chegando a producir enormes cambios ao longo da historia. Estas catástrofes son recollidas por rexistros naturais, entre os que destacan os aneis de crecemento das árbores, que mediante a disciplina coñecida como dendrocronoloxía permiten reconstruír con precisión o clima do pasado. Nesta charla móstrase o mecanismo polo que os grandes volcáns explosivos modifican o clima e como se detectan nas árbores, facendo un percorrido ao longo do tempo desde o declive da civilización minoica ata o ano sen verán.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Ningunha

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-051

Título: A historia escrita nos aneis das árbores

Profesorado: García González, Ignacio

(ignacio.garcia@usc.es/ 982822434)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Botánica/ Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

Resumo:

Os aneis de crecemento das árbores varían segundo as condicións ambientais do sitio onde se formaron: son máis estreitos nos anos máis desfavorables para o crecemento, e máis anchos cando as condicións son boas. Deste xeito, árbores que crecen en áreas próximas son parecidos entre si, e van sendo máis diferentes a medida que as áreas están máis lonxe. Isto fai que sexa posible obter series de aneis, denominadas series dendrocronolóxicas, que poden ser encaixadas unhas con outras, e así construír secuencias cada vez máis longas. As aplicacións destas técnicas son moi útiles en múltiples disciplinas, porque a árbore é como unha caixa negra que vai rexistrando os acontecementos ao longo da súa vida. Nesta charla mostraranse as principais utilidades, que abranguen desde comprender o crecemento das árbores, as respostas ao clima e a dinámica forestal, incendios forestais ou pragas de insectos. Tamén se falará das moitas aplicacións en investigación histórica, mediante a datación de obxectos de madeira, edificios antigos e xacementos, e a súa importancia para reconstruír procesos xeolóxicos

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Ningunha

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-052

Título: Aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría ambiental en Galicia

Profesorado: Omil Prieto, Francisco

(francisco.omil@usc.es/ 881816805)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

Trátase de presentar dun xeito global as diferentes ramas da biotecnoloxía, facendo finalmente fincapé naquela máis relacionada cos procesos de eliminación e valorización de residuos, a biotecnoloxía ambiental, e a súa relación cun ámbito máis amplo como é o da enxeñaría ambiental (que cobre tanto procesos biotecnolóxicos coma outros fisicoquímicos). A orientación da charla é eminentemente práctica. Coñeceremos algúns exemplos representativos —especialmente en Galicia aínda que tamén a nivel español e internacional—: procesos de tratamento e depuración de augas residuais urbanas e industriais, biorremediación de solos, tratamento de efluentes gasosos, así como os novos procesos de valorización (biocombustibles, bioplásticos etc.) tan importantes segundo o novo paradigma da economía circular. Finalmente, veranse os diferentes xeitos de estudar estas disciplinas a nivel de grao e de máster, facendo especial fincapé nas titulacións universitarias que se ofertan en Galicia.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente martes ou mércores en horario de mañá, pero podo intentar arranxar noutro momento.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-053

Título: Medir sen metros, quilos nin litros. Como se entendían os novos devanceiros?

Profesorado: Castro Redondo, Rubén

(ruben.castro@usc.gal/ 982824716)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

A charla versará sobre os sistemas metrolóxicos que existían na Galicia antes da invención e imposición do Sistema Métrico Decimal. Farase unha presentación das principais medidas e sobre todo da cuestión clave: por que medían de xeito diferente segundo o sitio? Levaranse medidas antigas de capacidade de cereais (fanega, ferrado, medio ferrado, cuarto e cuartillo).

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non poderá ser en setembro, outubro e novembro de 2025.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-054

Título: Como era o mapa de Galicia hai 300 anos? Parroquias, concellos e provincias vellos

Profesorado: Castro Redondo, Rubén

(ruben.castro@usc.gal/ 982824716)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

A charla será eminentemente práctica, recomendándose facer nunha aula de informática. Dividirase en dúas partes: na primeira, o docente presentará as ideas básicas da organización político-administrativa da Galicia moderna; na segunda, cada alumno/a terá que indicar en que parroquia, concello e provincia tería nacido de facelo hai 300 anos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non poderá ser en setembro, outubro e novembro de 2025

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-055

Título: Sabemos o impacto ambiental do que comemos?

Profesorado: Sainz Osés, María Jesús

(mj.sainz@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría/

Resumo:

O aumento extremadamente rápido da poboación mundial durante o século XX determinou unha maior demanda de alimentos de orixe vexetal e animal, que persiste no século XXI. A investigación e o desenvolvemento tecnolóxico levaron a unha intensificación da agricultura, que conseguiu espectaculares incrementos nos rendementos dos cultivos. A demanda de produtos animais satisfíxose a través de fortes cambios na produción gandeira, que pasou de ser unha produción a pequena escala, a miúdo baseada en ruminantes, a unha produción intensiva, e cada vez en maior medida industrial. A intensificación da agricultura e os cambios nos sistemas de produción gandeira xeraron importantes impactos negativos no medio ambiente: emisións de gases asociados ao efecto invernadoiro, contaminación da auga, alto consumo de enerxía, auga e outros recursos naturais, deforestación, erosión e degradación de solos, e diminución da biodiversidade. É necesario tomar conciencia destes impactos para deseñar e aplicar cambios que permitan conseguir alimentos sustentables e saudables e, ao mesmo tempo, protexer o planeta no futuro.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A charla impartirase no segundo semestre do curso académico 2025-2026 (a partir da terceira semana de febreiro de 2026)

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-056

Título: Lingua e cultura de Valdeorras a través da fraseoloxía

Profesorado: Estévez Rionegro, Noelia

(noelia.rionegro@usc.es/ 982821036)

Facultade/Escola: Facultade de Formación do Profesorado (L)

Departamento universitario: Didácticas aplicadas/ Instituto da Lingua Galega (ILG)

Resumo:

O obxectivo da charla é chegar refráns, frases feitas e outras unidades fraseolóxicas propias da fala de Valdeorras, a partir das cales se poden explicar tanto os trazos lingüísticos do dialecto valdeorrés como a idiosincrasia e cultura da comarca.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Só comarca de Valdeorras**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-057

Título: A construción lingüística do discurso publicitario comercial dirixido a un público infantoxuvenil

Profesorado: Estévez Rionegro, Noelia

(noelia.rionegro@usc.es/ 982821036)

Facultade/Escola: Facultade de Formación do Profesorado (L)

Departamento universitario: Didácticas aplicadas/ Instituto da Lingua Galega (ILG)

Resumo:

O obxectivo da charla é introducir ao alumnado na análise lingüística do discurso publicitario. A través de exemplos reais de anuncios comerciais en español, examínanse as principais estratexias lingüísticas que se empregan na construción do discurso publicitario, con especial atención a aquelas que resultan máis transgresoras e novidosas: 1. Análise do discurso aplicado á publicidade 2. A construción do discurso publicitario I: a argumentación e a contrargumentación. 3. A construción do discurso publicitario II: o humor e a ironía. 4. A construción do discurso publicitario III: a recreación do estereotipo e as súas implicacións sociolingüísticas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Só provincia de Ourense e zonas de Monforte, Pantón e Quiroga.

Entre setembro e xaneiro ou abril e maio

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2



Código: ChT-058

Título: Do instituto ao quirófano. O camiño para te converteres en médico.

Profesorado: González Vinagre, Salustiano

(salustiano.gonzalez.vinagre@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas/

Resumo:

Charla informativa, explicativa e motivadora sobre os estudos de Medicina. Abórdase o percorrido desde o ensino medio ata a práctica clínica, destacando a vocación, a formación universitaria e os retos da profesión médica.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Colexios/institutos de Porto do Son, Ribeira ou Santiago de Compostela.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-059

Título: Salvador Dalí: Arte, moda e publicidade

Profesorado: Monterroso Montero, Juan Manuel

(juanmanuel.monterroso@usc.es/ 881812716)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Historia da Arte/ Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

Resumo:

Salvador Dalí é un dos grandes artistas españois do século XX. Representante do surrealismo, a súa obra evolucionou ata adquirir unha identidade única e individual que hoxe en día aínda está presente na nosa contorna cotiá. A través da súa obra achegarémonos á influencia que exerceu na publicidade, a moda e outras creacións artísticas. Para iso cumprirá facer unha aproximación á súa figura e aos códigos presentes na súa obra, para comprobar como estes se repiten noutros creadores.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) No hay indicaciones específicas.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-060

Título: A produción gandeira é compatible coa saúde da poboación e do planeta?

Profesorado: Muiño Otero, Rodrigo

(rodrigo.muino.otero@usc.es/ 982822643)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Patoloxía Animal/

Resumo:

Dende a metade do século XX e ata a actualidade, a sociedade urbana, afastada do campo e da gandería, comezou a experimentar cos animais unha nova relación, un “sentir” que levou a clase política a legislar neste senso, promulgando leis de benestar animal e máis recentemente lexislación que protexe os dereitos dos animais, co visto e prace dunha inmensa maioría da sociedade, e que persoalmente vexo axeitado no contexto actual no que vivimos. Agora ben, é necesario encontrar un equilibrio entre os dereitos dos animais e as necesidades alimentarias, porque a poboación mundial segue en crecemento e é necesario alimentarse cunha dieta equilibrada e variada, xa que somos omnívoros. Polo tanto, o debate está servido: por un lado os que apostan pola alimentación variada formada por carnes, peixe, lácteos, froitas, verduras, legumes, etc, e polo outro os defensores do consumo de vexetais prescindindo das ganderías como produtoras de alimentos de orixe animal. Esta última é unha corrente que está de moda e con presenza constante nos medios de comunicación, difundindo titulares que desprezan o consumo de alimentos de orixe animal, utilizando dogmas que asumen como verdades absolutas e que non foron contrastados. Hoxe en día é preciso máis que nunca argumentar con datos científicos e reais fronte a mensaxes que deprecian os gandeiros e as súas granxas e que inundan as redes sociais pero que van calando na sociedade, e poden poñer en perigo a supervivencia de miles de familias que viven no rural e que producen alimentos, para autoconsumo e para alimentar grandes urbes. E necesario facer pedagogía, de aí a necesidade de dar a coñecer á futura sociedade a importancia que sempre tivo o rural e as explotacións agrícolas e gandeiras como ferramentas para dar de comer á sociedade preservando o noso planeta.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Como máximo un charla por semana.
Prefiro a mañán. Prefiro empezar a impartilas a partir de xaneiro

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-061

Título: Agresións sexuais en presenza de drogas. Coñecendo a magnitude do problema.

Profesorado: García Couceiro, Nuria

(n.garcia.couceiro@usc.es/ 881812033)

Facultade/Escola: Facultade de Enfermaría (S)

Departamento universitario: Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina/

Resumo:

As agresións sexuais en presenza de drogas (ASPD) constitúen un problema de saúde pública que afecta principalmente a mulleres novas. A pesar da crecente preocupación social que veñen suscitando nos últimos anos, en España apenas se desenvolveron enquisas de victimización ou traballos empíricos que analizasen o fenómeno desde un enfoque preventivo, axudando a entendelo en profundidade. Por iso, co noso traballo pretendemos contribuír a comprender o fenómeno das ASPD en poboación universitaria galega, tanto no relativo á súa magnitude, como á identificación de posibles variables asociadas. De maneira máis concreta preténdese (1) dar a coñecer a prevalencia e incidencia por sexos de persoas vítimas de ASPD, (2) analizar a relación entre consumos problemáticos de substancias e a victimización por ASPD, (3) examinar as condutas de risco en liña relacionadas coas ASPD, (4) determinar a proporción de ASPD proactivas (sumisión química) e oportunistas (vulnerabilidade química), (5) avaliar as taxas de denuncias e consultas sanitarias derivadas de ASPD e (6) identificar correlatos relacionados coa saúde mental das persoas vítimas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **As charlas poderán ser impartidas durante os meses de setembro, outubro e novembro en horario de mañá.**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-062

Título: Que é a gramática?

Profesorado: Dubert García, Francisco

(francisco.dubert@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Filoloxía Galega/ Instituto da Lingua Galega (ILG)

Resumo:

Nesta charla presentárase a noción de gramática, as súas partes e a súa función dentro da linguaxe.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Só poderán ser no segundo cuadrimestre (de finais de decembro en diante); se a petición vén de lonxe de Santiago, non pode ser moi cedo.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-063

Título: Marca persoal e influencers: identificación da publicidade nas redes sociais

Profesorado: Sixto García, José

(jose.sixto@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias da Comunicación (S)

Departamento universitario: Ciencias da Comunicación/

Resumo:

Explícase o concepto de márketing de influencia e analízanse as diferentes técnicas de comunicación publicitaria que empregan as marcas para facer promoción mediante influenciadores (influencers), fundamentalmente en Instagram e TikTok. Preténdese tamén que o alumnado aprenda a identificar a publicidade encuberta que moitas veces é habitual neste tipo de plataformas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Lugo cidade

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-064

Título: Pódense obter medicamentos a partir de plantas transxénicas

Profesorado: Rodríguez Gacio, M^a Carmen

(mdelcarmen.rodriguez.gacio@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Farmacia (S)

Departamento universitario: Bioloxía Funcional/

Resumo:

Nos últimos anos, experimentáronse grandes avances na modificación xenética de plantas, e obtivéronse plantas que serven como "biofactorías" para a obtención dunha gran variedade de fármacos. O uso destas plantas transxénicas presenta unha serie de vantaxes como o baixo custo de produción, comparado con cultivos celulares animais ou bacterianos ou o menor risco de contaminación con patóxenos humanos (por exemplo, virus humanos).

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario preferentemente de mañana**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-065

Título: Explorando o futuro: Medicina

Profesorado: Gándara Cortés, Marina; Cuevas Álvarez, Juan Bautista

(marina.gandara.cortes@usc.es; jb.cuevas@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Ciencias Morfolóxicas/

Resumo:

Explorar o futuro da carreira de medicina e das súas saídas profesionais. Responder a todas as inquietudes dos candidatos a estes estudos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Sen condicións**

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-066

Título: Terra, tempo e xente: introdución á paisaxe histórica

Profesorado: Baliñas Pérez, Carlos

(carlos.balinas@usc.es/ 982 824 727)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

Na actualidade (Antropoceno) virtualmente toda paisaxe é froito da intervención humana sobre o medio. Como consecuencia, a paisaxe é unha testemuña da historia da humanidade que a habitou. Esta charla pretende introducir ó alumnado de ensino medio nos métodos e técnicas de interpretación, investigación e posta en valor da paisaxe humanizada, con referencia especial ó caso de Galicia.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Venres, en horario de mañá (no primeiro trimestre é posible tamén algún mércores, previo acordo). Provincias de Lugo e Coruña, preferiblemente (o traxecto de ida e volta non pode superar as tres horas).

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-067

Título: Ideas para comprender o mundo económico actual

Profesorado: Dios Vicente, Adrián

(adrian.dios@usc.gal/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Economía Aplicada/

Resumo:

Nesta charla farase unha introdución á situación económica actual: cales son os países con maior riqueza, como se mide esta riqueza e que fai que exista desigualdade económica entre países e entre persoas. Tamén se reflexionará sobre o mundo económico que vén.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Só pode dar as charlas no primeiro semestre (de setembro a xaneiro, incluídos)**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-068

Título: A situación enerxética galega: un debate necesario para ter futuro

Profesorado: Dios Vicente, Adrián

(adrian.dios@usc.gal/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Economía Aplicada/

Resumo:

Realizarase unha exposición sobre a situación enerxética galega a través dos seus balances enerxéticos. Así, coñeceremos o tipo de enerxía que se emprega, o peso das enerxías renovables e os usos aos que vai destinada. Tamén se realizará unha pequena aproximación aos límites biolóxicos do planeta en termos de recursos materiais e enerxéticos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Só podo dar as charlas no primeiro semestre (de setembro a xaneiro, incluídos)**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-069

Título: Por qué a xente moza debería poder votar a partir dos 16 ou 17 anos?

Profesorado: Lois González, Marta Irene

(martairene.lois@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (S)

Departamento universitario: Ciencia Política e Socioloxía/

Resumo:

Esta charla ten por obxectivo preguntarnos polo dereito ao voto dos mozos e mozas de 16 e 17 anos. Por que deberían poder votar? Por que paga a pena preguntarnos pola súa voz e as inquedanzas de futuro dos e das adolescentes?

A democracia implica, entre outros valores sinalados, inclusión política, participación efectiva, acceso a fontes plurais e alternativas de información, igualdade e debate público. A democracia precisa de cidadanía crítica e autónoma que se sinta parte da toma de decisións. Neste marco abordaranse os argumentos a favor da posibilidade do dereito ao voto antes dos 18 anos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Martes/ de xaneiro a maio

Horario: preferiblemente pola mañá

Distancia máxima: 30Km

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-070

Título: Conservación da biodiversidade das praias galegas: un exemplo coa píllara das dunas (Charadrius alexandrinus)

Profesorado: Domínguez Conde, Jesús; Vidal Malde, María José

(jesus.dominguez@usc.es; mariajose.vidal@usc.es/ 881813268/881813242)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física/

Resumo:

O ecosistema praia alberga unha ampla variedade de especies de flora de fauna, algunhas delas con estados de conservación desfavorables.

Abórdase un exemplo de como mellorar a conservación deste ecosistema, é dicir, dos valores naturais que o compoñen, a través do estudo e da aplicación de medidas de xestión e de conservación da píllara das dunas (Charadrius alexandrinus), ave limícola ameazada nidificante nas praias do litoral galego.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Charlas a impartir preferentemente entre setembro de 2025 e marzo 2026**

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-071

Título: Importancia do veterinario na sociedade

Profesorado: Quintela Arias, Luis Ángel

(luisangel.quintela@usc.es/ 982822605)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Patoloxía Animal/ Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)

Resumo:

Na maior parte da sociedade hai un descoñecemento da importancia do veterinario para a saúde humana. Cada día máis, o veterinario asóciase co "médico de mascotas", porén, o seu traballo vai moito máis alá e resulta determinante para a saúde das persoas. Esta charla pretende explicar todos os campos nos que traballan os veterinarios e a súa importancia para as persoas e os animais.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) De enero a mayo

Mañana o tarde

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-072

Título: Antibióticos: unha solución ou un problema

Profesorado: Carballa Arcos, Marta

(marta.carballa@usc.es/ 881-816787)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

Esta charla pretende comunicar os problemas derivados do uso masivo e incontrolado de antibióticos, o desenvolvemento de superbacterias resistentes a eles, e comentaranse as accións que se están levando a cabo para minimizar ou reducir as súas consecuencias.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-073

Título: A vocación universitaria, onde e porqué elixir o meu futuro

Profesorado: Otero Parga, Milagros María

(milagros.otero@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Dereito (S)

Departamento universitario: Dereito Público Especial e da Empresa/

Resumo:

É habitual que os estudantes novos sintan medo e incerteza sobre o futuro ao rematar os seus estudos secundarios. Moitos deles non teñen claro cal é a súa vocación e temen non ter a información necesaria para elixila. En definitiva, teñen medo de cometer erros. Por iso é moi útil contar con alguén dunha contorna universitaria allea á universidade que lles explique algúns dos factores que deben ter en conta á hora de elixir, ademais de aclarar calquera dúbida que poidan ter sobre a vida universitaria.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Tengo bastante disponibilidad para impartir las charlas. Solo necesito poder concertarlas previamente para ajustarlas a mis clases en la Facultad y a otros compromisos**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-074

Título: Como elegimos ao nosos representantes políticos? A voltas co sistema electoral

Profesorado: Diz Otero, Isabel

(isabel.diz@usc.es/ 881815185)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (S)

Departamento universitario: Ciencia Política e Socioloxía/

Resumo:

Ten como o obxectivo explicar o funcionamento do noso sistema electoral e as súas principais consecuencias para a representación dos partidos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá e a unha distancia máxima de 35 km**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-075

Título: Ledes: luces e sombras

Profesorado: González García, Miguel Ángel

(miguelangel.gonzalez@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Preténdese explicar o funcionamento dos leds e a súa utilización na iluminación. Non se afondará no funcionamento electrónico, senón nas súas características lumínicas e as implicacións no deseño de instalacións, calidade cromática, aforro enerxético, precaucións, etc.

1. Explicación intuitiva dos conceptos de lonxitude de onda, reprodución cromática e temperatura de cor.
2. Breve historia dos leds: como que 118 anos?
3. Como funciona: o reto de conseguir a luz branca
4. Consumo enerxético: que marabilla!
5. Pero... non hai inconvenientes?

Poderemos tamén destripar unha lámpada led de uso doméstico e ver o seu funcionamento.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Provincias de A Coruña e Lugo

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-076

Título: Por que "nacín" enxeñeira?

Profesorado: Cernadas García, Eva

(eva.cernadas@usc.es/ Ext. 16459)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Electrónica e Computación/ Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS)

Resumo:

Coa axuda de enigmas e xogos, a investigadora e profesora da área de ciencias da computación e intelixencia artificial Eva Cernadas viaxa pola vida dalgunhas inventoras da historia, e da súa propia, para debullar polo miúdo as motivacións que levan as mulleres a dedicarse profesionalmente á enxeñaría.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A partir de decembro. Distancia máxima 100 km aproximadamente dende Santiago

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-077

Título: A pel da Terra

Profesorado: Pontevedra Pombal, Xabier

(xabier.pombal@usc.gal/ 881813238)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Edafoloxía e Química Agrícola/ Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

Resumo:

A pel da Terra guiarate polo solo, pel viva do planeta: da microfauna á química que nutre as plantas. Verás como a investigación con perfís, sensores e ADN do solo revela microorganismos que crean bioproductos, limpan contaminación, melloran colleitas e fortalecen a soberanía alimentaria nun clima cambiante.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) O calendario das charlas estará só condicionado polo meu calendario docente. Teño máis dispoñibilidade a partires de xaneiro. Sen distancia máxima.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-078

Título: O espazo público fala: unha ollada crítica á orde sociolingüística a través da paisaxe lingüística

Profesorado: Prego Vázquez, Gabriela; Zas Varela, Luz

(gabriela.prego@usc.es; luz.zas@usc.gal/ 88111767)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

A paisaxe lingüística — rótulos, carteis e inscricións que atopamos no espazo público— ofrece unha ventá para analizar a presenza, a ausencia e a xerarquía das linguas nun determinado contexto social. Nesta charla propoñemos unha mirada crítica á orde sociolingüística que se manifesta no territorio e nos espazos compartidos a través destes elementos visuais. Abordaremos cuestións como: que é a paisaxe lingüística, por que é unha ferramenta útil para comprender as dinámicas de poder entre linguas, e para que pode servir a súa análise tanto no ámbito educativo como na planificación lingüística ou na acción cidadá. A través de exemplos concretos, reflexionaremos sobre o papel da(s) lingua(s) na construción do espazo e na expresión das identidades.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A partir do mes de febreiro (incluído febreiro), preferentemente os venres. Na provincia da Coruña ou nas cidades de Pontevedra e Vigo.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-079

Título: Un percorrido pola Química a través da cor

Profesorado: Botana López, Ana M^a

(anamaria.botana@usc.es/ 982824071)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/

Resumo:

O obxectivo da charla é explicar dunha maneira sinxela e atractiva a importancia da química na vida, que sirva para espertar a curiosidade por esta rama da ciencia: hai pequenos seres vivos que dispoñen de substancias que serven como colorantes en reaccións químicas, hai figuras artísticas que son mundialmente coñecidas pola súa cor, o cal ten unha base química moi evidente, etc.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá/sólo para alumnos de BAC**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-080

Título: A importancia do Campus de Lugo na economía provincial

Profesorado: Fernández Méndez, Diana

(di.fernandez.mendez@usc.es/ extensión 24439)

Facultade/Escola: Facultade de Administración e Dirección de Empresas (L)

Departamento universitario: Fundamentos da Análise Económica/

Resumo:

A universidade é unha institución que desempeña un papel fundamental no desenvolvemento económico e social do territorio no que se asenta, xa que provoca un conxunto de efectos, tanto directos como indirectos, na súa contorna máis próxima e en múltiples esferas. O obxectivo desta charla é dar a coñecer o impacto económico do Campus de Lugo na economía provincial en termos de produción, renda e emprego.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-081

Título: O videoclip musical. Para un control cultural das masas

Profesorado: Rocha Álvarez, Delmiro

(delmiro.rocha@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Filosofía e Antropoloxía/

Resumo:

Na actualidade, dentro dun modelo industrial rixidamente dominado por vellas ideoloxías, o videoclip musical constitúe unha das máis eficaces ferramentas para o control cultural das masas. Quen decide o que escoitamos?

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Datas:** marzo-maio de 2026. **Medios:** computador, proxector, alt falantes e conexión a internet. Só para centros públicos. 1º e 2º de Bach.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-082

Título: A contaminación dos seres vivos no tempo do Cambio Global

Profesorado: Aboal Viñas, Xesús Ramón

(jesusramon.aboal@usc.es/ 8818133111)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioloxía Funcional/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

No tempo do cambio global, comprender como a contaminación afecta os seres vivos é unha necesidade. Entender como e canto entra nos seres vivos, onde van eses contaminantes e como lles afecta é de vital importancia. A biomonitorización emerxe como unha ferramenta que contesta estas preguntas e permite a toma de medidas necesarias.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Sen condicións específicas.**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-083

Título: Saídas profesionais dos graduados e graduadas de Ciencias da Educación

Profesorado: González Blanco, María; Olveira Olveira, María Esther

(maria.gonzalez@usc.es; mariaesther.olveira@usc.es/ 881813763//881814586)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias da Educación (S)

Departamento universitario: Pedagogía e Didáctica/

Resumo:

Actividades profesionais que os graduados en Pedagogía, Educación Social e titulados de Mestre poden desenvolver.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Día da semana preferentemente os xoves ou venres. Meses: novembro, decembro e xaneiro. Horario: preferentemente de mañá.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-084

Título: Científicos ou pitonisos? A predición en economía

Profesorado: Bande Ramudo, Roberto

(roberto.bande@usc.es/ 982 824400)

Facultade/Escola: Facultade de Administración e Dirección de Empresas (L)

Departamento universitario: Fundamentos da Análise Económica/ Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Resumo:

Que diferencia as predicións feitas polos economistas daquelas que fan os pitonisos? Nesta charla preséntanse os fundamentos da predición en economía, baseados no método científico, para diferenciala da predición realizada por aquelas persoas que adoitan saír nos medios de comunicación, pero que carecen de rigurosidade científica.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente horario de mañá.

Provincias de Lugo e A Coruña (120 kilómetros de desprazamento como máximo)

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-085

Título: O papel da química analítica na avaliación do consumo de drogas: novos indicadores

Profesorado: Montes Goyanes, Rosa María; Quintana Álvarez, José Benito; Pernas Fraguela, Carlos

(rosamaria.montes@usc.es; jb.quintana@usc.es; carlos.pernas.fraguela@usc.es/ 881816035)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/ Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global

Resumo:

Na USC desenvolvemos indicadores baseados na análise da auga residual e dos residuos de xiringas co fin de estudar as substancias consumidas pola poboación como sistema complementario ás enquisas

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá, distancia máxima de Santiago de Compostela (150 km)**

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-086

Título: A maxia de ensinar e aprender: gustaríache ser mestre ou mestra?

Profesorado: Gómez André, María Eugenia

(meugenia.gomez@usc.es/ 982821005)

Facultade/Escola: Facultade de Formación do Profesorado (L)

Departamento universitario: Pedagogía e Didáctica/

Resumo:

Comenzaríase explicando a importancia do papel que cumpren na sociedade os mestres e mestras de educación infantil e primaria, buscando unha conexión co alumnado. A continuación, explicaría-se o que é a vocación de ensinar, as principais funcións que desempeña un docente, as calidades que son precisas para exercelas e as luces e sombras da profesión.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A charla poderíase impartir dende outubro a maio, en horario de mañá ou tarde.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-087

Título: Código verde: Os nutrientes e a eutrofización como a gran ameaza ambiental do noso tempo

Profesorado: Beceiro Cillero, Iñaki

(inaki.beceiro.cillero@usc.es/ 881816042)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Edafoloxía e Química Agrícola/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

O N e o P son elementos chave para o desenvolvemento do mundo natural e humano. Porén o seu emprego abusivo polos seres humanos leva á súa liberación ó medio, xurdindo desequilibrios ecolóxicos que causan fenómenos de eutrofización. Este fenómeno pouco coñecido é un dos maiores riscos ambientais e de saúde pública do mundo actual, sendo tan poderoso que contribuíu á modificación do clima planetario no pasado.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente xoves e venres. En horario de mañá (en casos concretos pódese negociar horarios de tarde). Limitación de distancia á Comunidade Autónoma de Galicia, con preferencia por lugares a >200 km de Santiago de Compostela (aínda que non limitado a

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego;Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-088

Título: Cultivo in vitro de plantas superiores

Profesorado: Fernández Lorenzo, Juan Luis

(juanluis.fernandez@usc.es/ 982823611-982823639)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría/

Resumo:

Co cultivo in vitro podemos clonar en tubos de ensaio plantas seleccionadas, como castiñeiros, carballos, cerdeiras, nogueiras ou videiras, máis produtivos, resistentes a enfermidades ou en perigo de extinción.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) O centro pode escoller o idioma en que desexa que se imparta a charla (entre paréntese, nivel do relator no idioma): Galego , castelán, inglés (C2), italiano (C2), francés (C1)

Idioma en que se impartirá: Galego;Inglés;Castelán;Outro

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-089

Título: Xeración Algoritmo: vivindo nun mundo con Intelixencia Artificial

Profesorado: Valladares Rodríguez, Sonia María

(sonia.valladares@usc.es/ 982823008)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Electrónica e Computación/

Resumo:

Charla sobre Intelixencia Artificial para alumnado de Secundaria e FP. Abordaremos que é a IA, conceptos básicos, como funciona o Machine Learning e os retos que supón: riscos tecnolóxicos, protección de dispositivos, datos persoais, ciberacoso, hacking e tamén o impacto ambiental da tecnoloxía.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Meses: outubro, novembro e decembro**

Horario: de mañá

Distancia máx: 40km

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-090

Título: O descoñecido xenoma materno

Profesorado: Gómez-Duran, Aurora

(aurora.gomez@usc.gal/)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioquímica e Bioloxía Molecular/ Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS)

Resumo:

Explicar os segredos do xenoma herdados da nai!

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Disponibilidade relativa con previa aceptación**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Inglés;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-091

Título: "Dilemas de uniforme branco: encrucilladas éticas en saúde e na sanidade"

Profesorado: Fraga González, M^a Candelaría

(candelaria.fraga.gonzalez@sergas.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Enfermaría (S)

Departamento universitario: Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina/

Resumo:

Afondarase nos dilemas éticos que afronta o persoal sanitario a diario e que implican decisións límite, conflitos de intereses e inxustizas do sistema. Un percorrido crítico polas tensións entre o deber de coidar e os límites da realidade sanitaria.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Condicións a consultar**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-092

Título: Do laboratorio ao prato: innovación e futuro na ciencia dos alimentos

Profesorado: Cazón Díaz, Patricia

(patricia.cazon.diaz@usc.es/ 982822419)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/

Resumo:

A ciencia e a tecnoloxía tamén transforman o mundo da alimentación. Nesta charla descubriremos como a investigación axuda a crear alimentos máis seguros, sostibles e adaptados ao que necesitamos, empregando solucións innovadoras baseadas en ingredientes naturais e coñecemento científico.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Disponibilidade xeográfica: cidade de Lugo (distancia máxima 50 km), cidade de A Coruña (distancia máxima 50 km)**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-093

Título: O futuro sustentable: explorando os materiais biodegradables

Profesorado: Cazón Díaz, Patricia

(patricia.cazon.diaz@usc.es/ 982822419)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/

Resumo:

Nesta charla exploraremos os materiais biodegradables e o seu impacto no futuro sustentable. Analizaremos que son, os seus beneficios ambientais, exemplos e innovacións actuais. Reflexionaremos sobre como, a nivel individual e comunitario, podemos promover o seu uso para protexer o medio ambiente e reducir a contaminación.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Disponibilidade xeográfica:** cidade de Lugo (distancia máxima 50 km), cidade de A Coruña (distancia máxima 50 km)

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-094

Título: Uso das ferramentas moleculares na rastrexabilidade dos produtos da pesca e acuicultura

Profesorado: Rey Méndez, Manuel;González Henríquez, Nieves Elvira

(manuel.rey.mendez@usc.es;nieves.gonzalez.henriquez@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioquímica e Bioloxía Molecular/ Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (iARCUS).

Resumo:

A identificación mediante técnicas moleculares dos produtos da pesca e acuicultura, tanto procesados como en fresco, permite non só determinar correctamente a especie en concreto, senon tamén localizar a súa orixe. A obtención e procesamento da información contida no ADN dun organismo constitúe o soporte sobre o cal se dan solucións a problemas suscitados en diversas áreas de investigación (evolución, ecoloxía, bioloxía mariña, acuicultura e alimentación) e ten gran valor para os xestores da pesca e conservación, autoridades de control e industria:

- Elaborar hipóteses acerca das relacións evolutivas entre taxons.
- Estudar o nivel de fluxo xénico e a estrutura poboacional dentro dunha especie.
- Elaborar protocolos de identificación de especies a partir de mostras biolóxicas dun individuo.
- Xestión de recursos pesqueiros (pesca ilegal, rastrexabilidade, determinación e xestión de stocks, bioloxía das especies, catalogación xenética).
- Xestión de explotacións en acuicultura (selección de reprodutores, escapes de especies cultivadas ao medio mariño, detección de organismos asociados a enfermidades).

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non hai condicións, sirve calqueira día, hora e distancia.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-095

Título: Aplicación das técnicas moleculares na conservación e a xestión da biodiversidade

Profesorado: Rey Méndez, Manuel;González Henríquez, Nieves Elvira

(manuel.rey.mendez@usc.es;nieves.gonzalez.henriquez@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioquímica e Bioloxía Molecular/ Instituto de Investigación do Medio Aciático para unha Saúde Global (iARCUS)

Resumo:

A preservación da diversidade xenética é un factor esencial nas estratexias da conservación. A análise comparativa das secuencias de ADN permite realizar:

- Estudos da bioloxía das especies.
- Caracterización e identificación taxonómica da biodiversidade.
- Estimación da orixe xeográfica dos organismos.
- Construción de filoxenias moleculares para avaliar as relacións entre organismos, seleccionar as unidades e as prioridades de conservación.
- Acadar un certo poder predictivo sobre os cambios que afectan negativamente a biodiversidade (especies invasoras, perda de variabilidade xenética das poboacións etc.).

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non hai condicións, serve calqueira día, hora e distancia.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-096

Título: Afecta o Dereito da UE ao meu día a día? Probablemente algo máis do que pensas...

Profesorado: Teijo García, Carlos

(carlos.teijo@usc.es/ 881814704)

Facultade/Escola: Facultade de Dereito (S)

Departamento universitario: Dereito Público e Teoría do Estado/

Resumo:

O dereito da UE nunca estivo tan presente na vida cotiá do cidadán europeo como na actualidade. A progresiva ampliación de competencias da UE levou a que as súas normas se proxecten non só sobre ámbitos tradicionais da acción comunitaria (coma a competencia entre empresas, o comercio, a libre circulación ou a agricultura) senón tamén sobre espazos previamente regulados polos Estados membros como poden ser, entre outros, a tutela de dereitos fundamentais, a protección de datos, a contratación pública ou a cooperación xudicial en materia penal. Este proceso de crecente europeización do ordenamento xurídico desenvolveuse en paralelo á progresiva democratización do mecanismo de xeración de normas comunitarias e ao incremento de poderes lexislativos do Parlamento Europeo. Paradoxalmente, non obstante, a participación cidadá en asuntos europeos é nestes momentos máis baixa ca nunca.

Na conferencia abordarase a relevancia práctica do Dereito da UE e promoverase a reflexión sobre a función que desempeñan as institucións europeas na conformación da nosa comunidade e conciencia política.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **LUNS A VENRES**

OUTUBRO A XANEIRO

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-097

Título: Confort urbano: o reto de facer cidades habitables e amigables

Profesorado: López Rodríguez, Ramón; Piñeira Mantiñán, María José; Durán Villa, Francisco Ramón

(ramonlopez.rodriguez@usc.es; mariajose.pineira@usc.es; francisco.duran@usc.es/ 881812721; 881812626)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/ Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Resumo:

O propósito é mostrar unha perspectiva diferente da sostibilidade urbana, ligada ao concepto de confort. Este inflúe na calidade de vida e benestar individual e colectivo que o contorno urbano lle proporciona á poboación. Mostraranse o conxunto de condicións que teñen influencia, exemplos de intervencións nesta liña, e a influencia das estratexias como a Axenda Urbana ou os ODS nos modelos urbanos actuais.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Días da semana: indiferente, pero existe maior dispoñibilidade os venres.**

Horario: entre as 10:00 e as 17:00.

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-098

Título: A enxeñaría civil máis aló da construción

Profesorado: Núñez Temes, Carlos

(carlos.nunez.temes@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Tradicionalmente asociamos a enxeñaría civil co sector da construción, pensando en grandes obras de infraestruturas do transporte ou operacións urbanísticas, pero é importante destacar outros ámbitos de actuación básicos para a sociedade: a seguridade viaria, a mobilidade, o abastecemento, a depuración de augas, as enerxías renovables...

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non hai**

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-099

Título: A xeotecnia ou o porqué (normalmente) non caen as estruturas

Profesorado: Núñez Temes, Carlos

(carlos.nunez.temes@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

A xeotecnia é a rama da enxeñaría que estuda o comportamento dos solos como parte das infraestruturas. Tras unha breve explicación dos fundamentos de que se parte, descríbense as principais obras xeotécnicas: muros, noiros, cimentacións, túneles... e coméntanse casos famosos de patoloxía xeotécnica: a Torre de Pisa, a subsidencia de México DF, etc.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non hai**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-100

Título: A escavación de túneles en zonas urbanas: métodos, problemas e solucións

Profesorado: Núñez Temes, Carlos

(carlos.nunez.temes@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Os túneles son as obras máis complexas da enxeñaría e cando escavamos en áreas urbanas, nas que poden causar danos de grande importancia, é preciso ter en conta moitos factores.

O emprego de tuneladoras permite aumentar a seguridade e o control dos movementos que se producen no terreo, pero en moitas ocasións non é abondo e hai que recorrer a tratamentos do terreo.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non hai**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-101

Título: Terremotos en Galicia: por que?

Profesorado: Núñez Temes, Carlos

(carlos.nunez.temes@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Na charla preténdese comentar o porqué dos terremotos que se producen en Galicia, explicando a frecuencia con que se producen, a súa magnitude e a intensidade con que os sentimos, para rematar comentando algunhas cuestións sinxelas sobre o deseño de estruturas en zonas sísmicas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non hai**

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-102

Título: Como se relaciona o noso corpo co seu medio ambiente?

Profesorado: Mancebo Seoane, María José

(maria.mancebo@usc.es/ 881814926)

Facultade/Escola: Facultade de Farmacia (S)

Departamento universitario: Fisioloxía/

Resumo:

Os sistemas sensoriais son organizacións morfofuncionais do sistema nervioso que nos permiten captar e procesar unha gran variedade de sinais/estímulos procedentes do medio externo e do noso propio corpo, obtendo así información sobre os cambios que se producen tanto externa como internamente.

A partir das diferentes sensacións lánzanse unha serie de respostas motrices, condutuais e protectoras que aseguran a nosa supervivencia e adaptación ao medio.

Parte desa información sensorial tamén é usada polo noso cerebro como unha forma de aprendizaxe, memoria e procesamento de emocións, contribuíndo así á nosa relación cun ambiente en constante cambio e desafiante.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **octubre-noviembre-diciembre**

días y horario a confirmar. Preferencia por la mañana

distancia máxima 40 km

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-103

Título: O portugués: unha ferramenta galega para a xestión cultural

Profesorado: Callón Torres, Carlos Manuel

(carlos.callon@usc.gal/ 881867501)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Filoloxía Galega/

Resumo:

A conferencia explora o portugués como lingua de proxección internacional no presente, con raíz histórica no reino de Galiza e que supón unha ferramenta de futuro para o noso país. Analízase o seu valor estratéxico na xestión cultural e o seu peso formativo no grao do campus de Lugo da USC.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Non se establecen restricións previas.
A data concretarase segundo a dispoñibilidade mutua.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 9

Código: ChT-104

Título: E ti... sabes o que é un cetáceo galego?

Profesorado: Alemañ Posadas, Nuria

(nuria.alemany@usc.es/ 982822318)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias/

Resumo:

Moita xente non sabe que as augas galegas son ricas en mamíferos mariños, especialmente en cetáceos. Nesta charla presentaranse as especies de cetáceos máis habituais e os aspectos máis interesantes da súa anatomía e fisioloxía que lles permitiron a estes mamíferos conquistar o medio acuático.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Distancia máxima: provincia de Lugo.

Periodo do ano: de setembro a xaneiro (ambos incluídos).

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 1

Código: ChT-105

Título: A necesidade de andar separando: procesos de separación na industria química

Profesorado: Rodríguez Martínez, Héctor

(hector.rodriguez@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/

Resumo:

As operacións de separación están presentes na inmensa maioría dos procesos químicos industriais, xa sexa para a valorización de materias primas multicomponente, a purificación de compostos, etc.; e xogan un papel crucial na obtención de multitude de produtos e materiais que nos rodean na vida cotiá. Os modos de acometer as separacións desexadas son moi variados, e inclúen destilación, extracción, absorción... Preséntanse exemplos clásicos de utilización destas técnicas, así como a enxeñaría química como disciplina de referencia para a súa concepción e deseño.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.)

Idioma en que se impartirá: Galego;Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-106

Título: Líquidos iónicos

Profesorado: Rodríguez Martínez, Héctor

(hector.rodriguez@usc.es/)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/

Resumo:

Os líquidos iónicos son sales cunha baixa temperatura de fusión, que poden ser líquidos a temperatura ambiente e mesmo a temperaturas moi inferiores. Estas substancias adoitan presentar unha serie de características atractivas, como poden ser unha presión de vapor practicamente nula e unha gran capacidade de solvatación de solutos de natureza diversa. Isto permite a súa consideración como unha posible alternativa máis sostible aos disolventes orgánicos convencionais que se utilizan en cantidades inxentes en innumerables procesos na industria química, ou para o desenvolvemento de novos procesos con mellores prestacións. Tamén están en investigación outras potencialidades da tecnoloxía de líquido iónico, por exemplo o emprego directo do líquido iónico como un material vantaxoso ou a mellora das propiedades de principios activos farmacéuticos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.)

Idioma en que se impartirá: Galego ou ingles

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-107

Título: O desafío dos contaminantes de preocupación emerxente no medio acuático

Profesorado: Rodil Rodríguez, M^a del Rosario; Castro Varela, Gabriela; Méndez Martínez, Sandra; Riveiro Rodríguez, Iago

(rosario.rodil@usc.es; gabriela.c.varela@usc.es; sandramendez.martinez@usc.es; iago.riveiro.rodiguez@usc.es; / 881816035)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/ Instituto de Investigación del Medio Acuático para Una Salud Global (iARCUS)

Resumo:

Nesta charla tentaremos dar resposta a varias cuestións relacionadas coa presenza dos contaminantes de preocupación emerxente nas nosas augas: Que tipos de compostos son? Como chegan ás nosas augas? Como poden eliminarse do ciclo da auga? Cales poden ser os seus efectos no medio ambiente e para a saúde humana?

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Distancia máxima de Santiago de Compostela: 100 km Preferiblemente polas mañás

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-108

Título: "Nanopartículas no océano: o lado oculto da nanotecnoloxía"

Profesorado: López Mayán, Juan José; Domínguez González, Raquel

(juanjoselopez.mayan@usc.es; mraquel.dominguez@usc.gal/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía/ Instituto de Materias (iMATUS)

Resumo:

A nanotecnoloxía ofrece vantaxes, pero tamén riscos. As nanopartículas chegan aos mares e poden acumularse en peixes e mariscos e poden afectar a saúde humana. Nesta charla veremos como protexer os ecosistemas mariños e usar a nanotecnoloxía de forma responsable.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Teño prioridade por charlas a partir do segundo trimestre do curso, en horario de mañás.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-109

Título: Máis aló da clínica: unha mirada á investigación do sentido do olfacto

Profesorado: Ortiz Leal, Irene

(irene.ortiz.leal@usc.gal/ 982822337)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias/

Resumo:

Esta charla explora o fascinante mundo do olfacto e o gusto, os sentidos máis antigos e conectados directamente coas nosas emocións e recordos. A través do estudo do sistema olfativo, demóstrase como os animais —e os humanos— poden detectar unha enorme variedade de cheiros, grazas a millóns de receptores e unha gran diversidade xenética. Pero máis aló do sensorial, o olfacto ten aplicacións científicas e tecnolóxicas clave: desde detectar enfermidades a través do cheiro, ata desenvolver narices electrónicos ou identificar compostos en alimentos e medicamentos.

A investigación neste campo, onde tamén traballan profesionais veterinarios, resulta esencial. Os veterinarios non só curan animais en clínicas: tamén participan en proxectos de xenética olfativa, biotecnoloxía, análise sensorial, seguridade alimentaria e desenvolvemento de tecnoloxías aplicadas ao diagnóstico, ao comportamento animal ou ao márketing sensorial. Esta charla convida os estudantes a descubriren como a veterinaria pode ir moito máis aló da consulta, abrindo portas á ciencia, a innovación e a investigación aplicada.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Todo. Posibilidade de cambio de día por coincidencia con impartición de sesións prácticas en la facultad**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-110

Título: A economía azul para o futuro das zonas costeiras

Profesorado: Piñeiro Antelo, María de los Ángeles; Piñeira Mantiñán, María José

(manxeles.pineiro@usc.es; mariajose.pineira@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/ Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Resumo:

A ordenación do espazo marítimo e litoral vén cobrando cada vez máis importancia nas últimas décadas, debido ao aumento da intensidade de uso dos océanos e á necesidade do seu uso e xestión sustentables. A economía azul precisa dunha planificación territorial eficiente para evitar conflitos entre actividades económicas, e para garantir que os beneficios económicos do mar sexan sustentables no tempo e compatibles coa conservación ambiental.

A procura dun equilibrio entre aproveitamento económico, protección ambiental e regulamentos de uso fai que sexa necesario coordinar esforzos e buscar canles de aproximación entre as administracións e as comunidades litorais. Este é o fundamento desta charla, que se orienta en especial en destacar as potencialidades que o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio ten para formar profesionais en xestión planificada das zonas costeiras e marítimas, que traballen para evitar a sobreexplotación do mar e minimizar os impactos sobre os ecosistemas. Máis información en xeografia.gal

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente serán impartidas os venres, en horario de mañá. Aínda que existe a posibilidade de acordar outro día da semana.

Idioma en que se impartirá: Castelán; Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-111

Título: Aplicacións e potencialidades profesionais dos sistemas de información xeográfica (SIX)

Profesorado: Piñeira Mantiñán, María José; Piñeiro Antelo, María de los Ángeles

(mariajose.pineira@usc.es;manxeles.pineiro@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/ Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Resumo:

Os sistemas de información xeográfica (SIX) teñen grandes potencialidades para a inserción profesional nos campos da ordenación do territorio, na prevención de riscos naturais, xestión de redes, ou diagnóstico de desigualdades sociais. Este é o fundamento desta charla, que se orienta en especial en resaltar as potencialidades que o Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio ten para a formar profesionais en SIX, que traballen para solventar problemas de natureza territorial . Máis información en xeografia.gal

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Farase unha breve interacción co alumnado, preferiblemente en aula de informática

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-112

Título: Realidade ou CSI: que nos conta o ADN de ti?

Profesorado: de la Puente Vila, María del Carmen; Casanova Adán, Lucía; González Bao, Javier; Boullón Cassau, Miguel

(mdelcarmendela.puente@usc.es; lucia.casanova.adan@usc.es; javiergonzalez.bao@usc.es; miguel.boullon.cassau@usc.es/ 881812404)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia, e Pediatría/ Instituto de Ciencias Forenses "Luís Concheiro" (INCIFOR)

Resumo:

Que tipo de información podemos obter a través do ADN? Os novos avances en xenética forense permiten a realización dunha serie de técnicas que se coñecen como "Intelixencia de ADN" e que permiten guiar as investigacións policiais achegando pistas como a cor de ollos, a orixe bioxeográfica, a idade ou mesmo os hábitos de vida do doador dunha mostra. Duración aproximada: dúas sesións.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente no primeiro trimestre e en horario de mañá, a un máximo d 30-45 minutos en coche de Santiago, serán distribuídas ó longo do curso en conversación cos solicitantes.

Idioma en que se impartirá: Galego; Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-113

Título: Xeografía en acción: taller de cartografía humanitaria a través dun SIX

Profesorado: Cidrás Fernández, Diego

(diego.cidras.fernandez@usc.es/ (8818)12625)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/

Resumo:

A Xeografía non só ten a encomenda de comprender mellor o mundo, senón tamén de contribuír á súa mellora. Neste sentido, as tecnoloxías de información xeográfica ofrecen unha ponte entre o local e o global, permitindo actuar sobre desafíos afastados e, moitas veces, invisibilizados. Esta charla-taller, destinada a alumnado de secundaria ou bacharelato, ten como obxectivos, por unha banda, introducir o papel dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX) nos estudos de Xeografía e, por outra, realizar unha pequena aproximación práctica. Para isto, somerxerémonos nun proxecto colaborativo de cartografía humanitaria baseado en OpenStreetMap. Deste xeito, procurarase que o alumnado experimente de primeira man o impacto e a utilidade social da Xeografía a través das súas técnicas de traballo. [Máis información en xeografia.gal]

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Precísase equipo informático (mínimo un por cada dous alumnos). Taller deseñado para sesións de 50 minutos, ampliáveis. Ofrécese os venres pola mañá, con prioridade. Outras opcións horarias, a valorar co docente. Desprazamentos preferentes ata 75 km ou 1h

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-114

Título: Observando as partículas máis enerxéticas do universo

Profesorado: Parente Bermúdez, Gonzalo

(gonzalo.parente@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física de Partículas/

Resumo:

A astronomía estivo tradicionalmente ligada á detección de luz e outros tipos de radiación electromagnética, pero na actualidade os avances tecnolóxicos están permitindo desenvolver experimentos cos que observar o cosmos a través doutros mensaxeiros distintos: as ondas gravitacionais, os neutrinos, os fotóns e os raios cósmicos de moi alta enerxía. Estes últimos, dos que falarei, aínda que se sabe que son protóns e núcleos atómicos, teñen unha orixe descoñecida.

Nesta palestra explicarei como detectamos os raios cósmicos co observatorio xigante Pierre Auger, situado na Arxentina, no que participa a Universidade de Santiago de Compostela e que leva xa case 20 anos de pescuda do firmamento de partículas. Mostrarei a importancia de observar estas partículas, non só para saber que son e de onde veñen, senón tamén para estudar as interaccións fundamentais entre os constituíntes da materia a enerxías que na actualidade son imposibles de acadar en laboratorio.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Meses de Novembro a Marzo. Debido ao tipo de material e contidos que se presentan, o tempo recomendable da charla é de como mínimo 1 h e 15 min.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-115

Título: O futuro, ou é rural ou non será

Profesorado: Outeiro Iglesias, Mario

(mario.outeiro@usc.gal/ 982821051)

Facultade/Escola: Facultade de Formación do Profesorado (L)

Departamento universitario: Didácticas aplicadas/

Resumo:

Despois de décadas de políticas desenvolvidas de costas ao rural esta ampla zona do espazo xeográfico galego segue en pé demostrando unha elevada resiliencia. As ganas de vivir experiencias máis saudables e en contacto coa natureza están a facer que moita xente se anime a retornar ao medio rural para emprender proxectos respectuosos coa cultura local e baseados na sostibilidade.

Ao mesmo tempo, a mocidade rural galega deixou de ver o seu lugar de nacemento como algo atrasado e sen futuro e son moitos os que deciden quedar para comezar novos proxectos ou reformular os herdados das anteriores xeracións.

O mundo rural ten moito futuro na produción de alimentos, se non queremos depender exclusivamente do exterior, de materias primas, de produtos manufacturados con selos de calidade pero tamén de lecer e saúde. A nosa terra só terá futuro se o rural segue con vida.

Nesta charla falaremos dos inxustos prexuízos do pasado pero centrarémonos nas potencialidades que o espazo rural ofrece ás novas xeracións a nivel persoal e laboral, sendo apta para todo o alumnado galego, independentemente de onde viva.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Distancia máxima: 100 km de Lugo.**

Día e hora: a determinar co centro educativo.

Duración: estimo que a sesión durará en torno a 60-80 minutos e, a continuación, pode haber un tempo de intervencións, consultas, etc.

Necesidades: ordenador e un canón (para

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-116

Título: Gandería de precisión = realidade ou ciencia ficción?

Profesorado: Roca Fernández, Ana Isabel

(anai.roca@usc.es/ 982822415)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias/

Resumo:

A charla estará destinada a coñecer as principais innovacións tecnolóxicas existentes en gandería de precisión. Nela abordaranse diferentes tecnoloxías coas que facilitar o coidado dos animais, aumentar a eficiencia produtiva do gando, controlar a súa saúde, garantir o seu benestar, reducir o seu impacto ambiental e mellorar a xestión das granxas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A data exacta de execución será acordada entre o centro de secundaria e a persoa responsable da charla dependendo da dispoñibilidade de ambos.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-117

Título: Introducción a composición poéticas: Taller de Haikus.

Profesorado: Cernadas Ramos, Andrés

(andres.cernadas@usc.es/ 881815163)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (S)

Departamento universitario: Ciencia Política e Socioloxía/

Resumo:

Esta charla pretende introducir o alumnado na composición poética a través dun pequeno taller de haikus. Tras unha brevísima introdución e algunhas pautas, pediráselle ao alumnado que complete un haiku ao que lle falta un verso, logo que completen outro ao que lle faltan 2 versos, e por último, que poidan compoñer un haiku completo sobre unha temática previamente acordada ou ben libre.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Alumnado ao que vai dirixida: 3º e 4º de ESO e Ciclos Formativos de Grao Medio.

Duración da charla: 2 HORAS

Número de asistentes: Máximo 25/30

Máximo de veces: 7

Distancia: Cualquier distancia

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 7

Código: ChT-118

Título: As Pedagogías Creativas do Lugar

Profesorado: Freire Pérez, Estella; Blanco Mosquera, Vicente; Cidrás Robles, Salvador

(estela.freire@usc.es; vicente.blanco@usc.es; salvador.cidras@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Formación do Profesorado (L)

Departamento universitario: Didácticas aplicadas/

Resumo:

Un dos nosos principais compromisos como docentes é poñer en valor o contexto do noso alumnado, prestando especial atención aos contornos rurais. Nas últimas décadas, o cambio na relación co territorio, especialmente nestas zonas, debido ao éxodo cara ás cidades, provocou unha perda das estruturas tradicionais e do coñecemento local sobre o que acontece e o que aconteceu ao noso arredor. Isto xera unha desconexión, especialmente entre as xeracións máis novas, moitas veces desorientadas e afastadas das súas raíces culturais e sociais. Como artistas e docentes na Facultade de Formación do Profesorado en Lugo, apostamos pola incorporación dun enfoque pedagóxico na práctica educativa, co fin de mitigar os efectos dos currículos neoliberais, estandarizados e descontextualizados. Este enfoque pedagóxico, que denominamos Educación Creativa Baseada no Lugar (Freire, Blanco, Cidrás, 2024), sitúa os procesos creativos e a memoria do lugar como ferramentas principais para traballar alternativas de resistencia desde unha perspectiva crítica e emancipadora. Ten como obxectivo recuperar a memoria e a herdanza compartida do territorio, poñendo en valor os contextos rurais. Para iso, é fundamental a xeración de interaccións reais que faciliten o contacto entre experiencias interxeracionais, trasladando os conceptos clave das culturas e saberes tradicionais ao contexto educativo contemporáneo. Unha educación baseada nestes principios pode ser profundamente transformadora. É consciente dos desafíos da nosa realidade compartida e traballa activamente para xerar cambios, priorizando o dereito dos nenos e nenas a comprender e habitar de forma crítica o espazo que os rodea. Propoñemos que o sistema educativo garanta a transferencia entre a aula e o contexto, consolidando un sentido colectivo de pertenza que valore o patrimonio do lugar e fomente a conciencia sobre a transformación dos espazos nos que vivimos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Institutos de zonas rurais dos arredores de Santiago e Lugo. Primeiro cuadrimestre en horario de mañá.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-119

Título: Cando as matemáticas non suman nin restan, inclúen

Profesorado: Borrajo García, María Isabel

(mariaisabel.borrajo@usc.es/ 881813209)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Estatística, Análise Matemática e Optimización/ Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

Resumo:

Cando unha enfermidade obriga a unha alumna ou alumno a deixar de asistir presencialmente ao seu centro escolar, poden servir para algo as matemáticas? Nesta charla veremos como, usadas con sentido, as matemáticas fortalecen o vínculo socioeducativo, conservan rutinas e reforzan a autoestima. Descubriremos unha das súas aplicacións máis valiosas e inesperadas: o seu potencial como linguaxe da inclusión.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Distancia máxima aprox dende Santiago 100km.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-120

Título: Que é a Estatística Espacial se non é a Estatística das galaxias, estrelas e planetas?

Profesorado: Borrajo García, María Isabel

(mariaisabel.borrajo@usc.es/ 881813209)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Estatística, Análise Matemática e Optimización/ Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

Resumo:

A Estatística é unha das áreas das Matemáticas de máis transversalidade, pois é esencial en calquera disciplina (Bioloxía, Economía, Ciencias da Saúde...) que precise dunha análise de datos ou da construción de modelos con aleatoriedade.

Dentro da Estatística existen numerosas disciplinas segundo o tipo de datos que estudan e as preguntas ás que queren dar resposta. Nesta charla contaremos que é a Estatística Espacial, detallaremos para que serve e veremos distintos casos reais da súa aplicación.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Máxima distancia en torno a 100km de Santiago.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-121

Título: Seguindo as trazas dos quarks no LHC: materia e antimateria

Profesorado: Adeva Andany, Bernardo

(bernardo.adeva@usc.es/ 881813986)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física de Partículas/ Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)

Resumo:

Introdúcese a fenomenoloxía dos quarks e da antimateria, utilizando referencias como a estrutura atómica, a radioactividade natural, os tipos de enerxía ou os dispositivos médicos como o PET. Expóñense ideas xerais sobre a cosmoloxía, o papel do baleiro, as contribucións dalgúns grandes físicos, e sobre a realización de experimentos en aceleradores de partículas. Relátanse algúns logros acadados pola USC no experimento de antimateria LHCb do CERN, desde a súa proposta en 2000 ata a actualidade. O relator dirixiu o Grupo de Física de Altas Enerxías do IGFAE (GAES) no período 1993-2013.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **ninguna condición**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-122

Título: A sustentabilidade combina con todo

Profesorado: Piñeiro García, María del Pilar

(pilar.pineiro.garcia@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Organización de Empresas e Comercialización/

Resumo:

A sustentabilidade é un concepto que engloba tres áreas: a ambiental, a social e económica. Nesta charla explicaremos que é a sustentabilidade, como se pode integrar na nosa vida diaria e como se pode converter nunha oportunidade laboral e de futuro porque, aínda que poida parecer "cosa dos de ciencias", a sustentabilidade combina con todo.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) O día e a hora concretaranse por correo electrónico, segundo a disponibilidad das partes, unha vez asignada a charla.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-123

Título: Economía circular e novos modelos de negocio

Profesorado: Piñeiro García, María del Pilar

(pilar.pineiro.garcia@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Organización de Empresas e Comercialización/

Resumo:

O modelo de negocio dunha empresa pódese resumir no que vai ofrecer ao mercado, como o vai facer, a quen llo vai vender, como o vai vender e como vai xerar ingresos. Nesta charla expóranse, a través de numerosos exemplos, os conceptos básicos da economía circular e os principais modelos de negocio baseados neste novo modelo produtivo.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) O día e a hora concretaranse por correo electrónico, segundo a disponibilidad das partes, unha vez asignada a charla.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-124

Título: Economía circular: alén da reciclaxe

Profesorado: Piñeiro García, María del Pilar

(pilar.pineiro.garcia@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (S)

Departamento universitario: Organización de Empresas e Comercialización/

Resumo:

A economía circular é un modelo produtivo que ten como obxectivo que o valor dos produtos, materiais e recursos se manteña na economía durante o maior tempo posible, e no cal a xeración de residuos se reduza ao mínimo. Para conseguilo, é necesario ir máis alá dos 3 R (reducir, reutilizar e reciclar) e avanzar cara aos 9 R: repensar, redeseñar, remanufacturar, reparar, redistribuír, reducir, reutilizar, reciclar e recuperar enerxía.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) O día e a hora concretaranse por correo electrónico, segundo a disponibilidad das partes, unha vez asignada a charla.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-125

Título: As linguas do mundo

Profesorado: González Pereira, Miguel; Enríquez Martínez, Iván

(miguel.gonzalez.pereira@usc.es; ivan.enriquez.martinez@usc.es/ 982824773)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

O obxectivo da charla é poñer en valor a variación e a diversidade lingüística e destacar a importancia da conservación e o fortalecemento das variedades lingüísticas en perigo de extinción. Con este propósito daremos unha visión panorámica das linguas no mundo e da súa situación en canto ao número de falantes, estatus, vitalidade, orixe,... Ademais de informar sobre as linguas orais, e os posibles modos de clasificalas, tamén falaremos brevemente das linguas signadas da comunidade xorda e das súas particularidades.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Haberá que negociar as datas de acordo coas distintas obrigas académicas. A nosa dispoñibilidade variará nos distintos meses, pero, en principio, podería ser en calquera momento do curso. Debería ser nun horario de media mañá, ou de tarde, para facilitar**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-126

Título: A comunicación intercultural

Profesorado: González Pereira, Miguel

(miguel.gonzalez.pereira@usc.es/ 982824773)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

O propósito da charla é axudar a tomar conciencia de que non só falamos distinto senón que tamén hai diversidade no modo en como nos comunicamos. A partir do concepto de competencia comunicativa centraremos a nosa atención na competencia cinésica e na competencia pragmática para poñer de manifesto as moitas diferenzas na forma de comunicarse segundo os usos e costumes das comunidades culturais nas que socializamos. Ilustraremos con exemplos as diferenzas culturais no uso dos xestos, na xestión da cortesía verbal ou no estilo máis ou menos directo de comunicarnos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Haberá que negociar as datas de acordo coas distintas obrigas académicas. A miña dispoñibilidade variará nos distintos meses, pero, en principio, podería ser en calquera momento do curso. Debería ser nun horario de media mañá, ou de tarde, para facilitar**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-127

Título: Desmontando mitos sobre alimentación e saúde

Profesorado: Zapata Cachafeiro, Maruxa;Rodríguez Fernández, Almudena

(maruxa.zapata@usc.es;almudena.rodriguez@usc.es/ 881812441)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina/

Resumo:

As redes sociais son unha fonte de información empregada polos adolescentes. A facilidade de acceso a través de dispositivos con internet convérteas nunha ferramenta de difusión de mensaxes. A falta de rigor científico ou intereses comerciais están a promocionar hábitos non saudables. Identificar contidos prexudiciais evitaría a súa adquisición.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá. Outubro ou decembro (luns, mércores ou venres) xaneiro ou maio**

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-128

Título: Metais en medicina, un punto de vista químico

Profesorado: Lucio Martínez, Fátima

(mariadefatima.lucio.martinez@usc.es/ 881814442)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Inorgánica/

Resumo:

A charla propón unha viaxe dende o concepto máis abstracto do que é un elemento metálico ata as súas aplicacións actuais no campo da medicina. O enfoque químico pretende amosar toda a investigación detrás dos recentes avances médicos e que comprendan como a química básica é fundamental para xerar novas solucións a problemas cada vez máis difíciles.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Podo impartir a charla a partir do mes de Xaneiro de 2026. En principio teño disponibilidad horaria, podería ser en horario de mañá e de tarde. A distancia máxima á que podo ir sería duns 140 km ao redor de Santiago.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-129

Título: "O lado escuro da forza": mola ser arquivista ou arquivista!

Profesorado: Fernández Suárez, Gonzalo Francisco

(gonzalofrancisco.fernandez@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

Nesta charla tratarase de explicarlle ao alumnado en que consiste a profesión de arquivista/o, que coñecementos se requiren, as competencias que se adquiren con ela e o amplo e variado abano de saídas laborais, ademais de expoñer o caso dalgúns/nhas alumnos/nas da Facultade de Humanidades que exercen hoxe en día como tales.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente os venres, se ben en función da dispoñibilidade pode adaptarme a outros posibles días. En horario de tarde, se ben, como xa dixen, pode adaptarme. Non teño unha distancia máxima, se ben teño unha preferencia polos centros docentes da costa

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-130

Título: A xestión cultural: un sector profesional emerxente e unha oportunidade de empregabilidade

Profesorado: Fernández Suárez, Gonzalo Francisco

(gonzalofrancisco.fernandez@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

Nesta charla tratarase de explicarlle ao alumnado que é a xestión cultural, que coñecementos se requiren, as competencias que se adquiren con ela e o amplo e variado abano de saídas laborais que ten, en especial, para o alumnado do bacharelato artístico, de artes e ciencias humanas e sociais.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente os venres, se ben en función da dispoñibilidade podo adaptarme a outros posibles días. En horario de tarde, se ben, como xa dixeran, podo adaptarme. Non teño unha distancia máxima, se ben teño unha preferencia polos centros docentes da costa

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-131

Título: O sistema electoral en España: Funcionamiento, virtudes e defectos.

Profesorado: Cernadas Ramos, Andrés

(andres.cernadas@usc.es/ 881815163)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias Políticas e Sociais (S)

Departamento universitario: Ciencia Política e Socioloxía/

Resumo:

Esta charla pretende acercar e dar a coñecer o funcionamento da democracia representativa e do sistema electoral español, así como a distribución de escaños segundo o método D'Hondt. Expoñeranse os aspectos principais das diferentes consultas electorais así coma as principais virtudes e críticas do sistema.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Nada en particular

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-132

Título: Ver ben para aprender mellor: saúde visual na era dixital

Profesorado: García Porta, Nery;Rendo González, Sofía

(nery.garcia.porta@usc.es;sofia.rendo.gonzalez@usc.es/ 881813530)

Facultade/Escola: Facultade de Óptica e Optometría (S)

Departamento universitario: Física Aplicada/ Instituto de Materias (iMATUS)

Resumo:

1.Que pasa se non corrixes un problema visual?

Erros refractivos e importancia das revisións visuais periódicas.

2.Que é a fatiga visual dixital?

Consecuencias a longo prazo: fatiga ocular, visión borrosa, dor de cabeza

3.Filtros e tecnoloxía.

Apps e configuracións para reducir a fatiga visual.

4.Hábitos saudables.

Regra 20-20-20, postura, iluminación e distancias recomendadas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Disponibilidade limitada nos meses de setembro, outubro, maio e xuño. Prioridade a centros que están a 1h ou menos de Santiago.**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-133

Título: Modificación Genética de Plantas: del Neolítico al siglo XXI

Profesorado: Sampedro Jiménez, Javier

(javier.sampedro@usc.es/ 881813113)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioloxía Funcional/

Resumo:

Desde o inicio da agricultura, os humanos modificaron o xenoma das plantas para crearen as variedades actuais de cultivos. A selección de mutacións e a hibridación foron as principais ferramentas deste proceso durante miles de anos, inicialmente de forma accidental e progresivamente dun xeito máis planificado e sistemático, contribuíndo a unha explosión de produtividade agrícola no século pasado. Nas últimas décadas temos descuberto ferramentas para inserir novos xenes e editar o xenoma con precisión. Estas ferramentas abren a posibilidade de cambios radicais no metabolismo das plantas e na produtividade das colleitas, pero hai un forte debate sobre a súa aplicación.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Distancia máxima 80 km

Idioma en que se impartirá: Castelán;Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-134

Título: A eclipse solar total de 2026 na túa vila

Profesorado: Andrade Baliño, Manuel

(manuel.andrade@usc.gal/)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Matemática Aplicada/

Resumo:

O 12 de agosto de 2026 producirase unha eclipse de Sol que será visíbel como total na metade nordeste da Galiza e como parcial no resto. Nesta charla explicarase por que se producen as eclipses, aprenderemos a observalas con seguridade e mostraremos como se verá desde a túa vila ou cidade.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A partir de xaneiro de 2026

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-135

Título: Asteroides e meteoritos: o evento de Traspina

Profesorado: Andrade Baliño, Manuel

(manuel.andrade@usc.gal/ 982823319)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Matemática Aplicada/

Resumo:

O 18 de xaneiro de 2021 un asteroide de case 3 toneladas chocou contra a atmosfera terrestre a 15 km/s na vertical das serras orientais. A enerxía liberada produciu unha colosal bóla de fogo e un estrondo audíbel a dúzias de quilómetros. O estudo científico deste evento, realizado na Área de Astronomía e Astrofísica da USC, permitiu calcular con precisión a traxectoria completa do chamado meteorito de Traspina.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A partir de xaneiro de 2026

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-136

Título: Cando a luz fala: comunicacións invisibles con infravermellos

Profesorado: Arosa Lobato, Yago

(yago.arosa.lobato@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física Aplicada/ Instituto de Materias (iMATUS)

Resumo:

Sabías que moitos mandos a distancia non usan cables nin ondas de radio, senón luz invisible? Nesta charla descubriremos como funciona a comunicación por infravermellos, a tecnoloxía que permite que algúns dispositivos se entendan sen fíos... e sen que nós o vexamos! A través dunha demostración en directo con Arduinos e mandos de televisión, veremos como se pode transmitir información usando luz, achegándonos aos principios que empregan dende os mandos da casa ata os sistemas de fibra óptica e comunicacións espaciais.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Ningunha

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-137

Título: O láser, esa luz máxica

Profesorado: Arosa Lobato, Yago

(yago.arosa.lobato@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física Aplicada/ Instituto de Materias (iMATUS)

Resumo:

Que é un láser? Que ten de especial? Para que se usa? Nesta charla abordaremos estas e outras preguntas, debatendo sobre este dispositivo de múltiples aplicacións e que é recoñecido como un dos dez maiores logros tecnolóxicos do século XX. E como non, levaremos algún láser.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Impartir a partir de Xaneiro 2026**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-138

Título: Xeografía, a carreira total: entre ciencias naturais e ciencias sociais

Profesorado: García García, Horacio; Blanco Chao, Ramón; Valcárcel Díaz, Marcos; Costa Casais, Manuela; Vicente Liz, André

(horacio.garcia@usc.es; ramon.blanco@usc.es; marcos.valcarcel@usc.es; manuela.costa@usc.es / 881812551)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/ Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

Resumo:

O Grao en Xeografía experimentou cambios importantes cun renovado plan de estudos. A idea de "totalidade" da carreira de Xeografía radica no feito de que é a única do espectro académico actual que se nutre das ciencias naturais e da terra, por un lado, e das ciencias sociais e humanidades, polo outro. Este factor diferencial co que non contan outras carreiras é de gran relevancia no actual mundo globalizado no que é preciso ter unha visión holística e interconectada dos fenómenos. É IMPORTANTE dirixirnos non só ao alumnado que cursa Bacharelato de Ciencias Sociais ou Humanidades, senón tamén a aquel con interese nas ciencias da terra, ciencias ambientais, bioloxía ou xeoloxía [Máis información en xeografia.gal].

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente no primeiro semestre do ano, adaptándonos ao día que mellor conveña ao IES, se ben, os venres son días con menos carga docente na Universidade, aínda que no caso de Xeografía con saídas de campo. Non hai límite de quilómetros para o despra

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-139

Título: Plantas e animais, unha historia de convivencia

Profesorado: Carrillo Barral, Néstor

(nestor.carrillo@usc.es/ 881814971)

Facultade/Escola: Facultade de Farmacia (S)

Departamento universitario: Bioloxía Funcional/

Resumo:

Esta charla tratará de como os reinos animal e vexetal se adaptaron para convivir nun mesmo espazo, evolucionando para defenderse, colaborar e mesmo aproveitarse uns dos outros. Falaremos tamén de como a domesticación das plantas por parte do ser humano supuxo un cambio de paradigma nesta relación, e que relevancia tivo isto para ambas partes.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Durante os meses de novembro e decembro as charlas terían que ser os venres ou en horario de tarde. O resto do curso os horarios son aínda difíciles de determinar, sería necesario falalo chegado o momento pero ofrecería toda a flexibilidade que me sexa p

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-140

Título: A comprensión oral e lectora a partir de columnas xornalísticas

Profesorado: Fernández Vázquez, María del Mar

(mariadelmar.fernandez@usc.es/ 881812010)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias da Educación (S)

Departamento universitario: Didácticas aplicadas/

Resumo:

Nesta charla abordarase a interpretación de xéneros discursivos do ámbito social coa finalidade de que o alumnado adquira as competencias oral e lectora, a través de columnas xornalísticas. Primeiro, explicaranse os xéneros discursivos, e despois atenderanse a comprensión oral e lectora, abordándoa desde columnas xornalísticas publicadas por Carlos Casares en La Voz de Galicia.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Charlas só nas cidades de Ourense e Santiago de Compostela.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 8

Código: ChT-141

Título: Enredando co inglés: unha viaxe a través do tempo

Profesorado: Blanco Suárez, Zeltia

(zeltia.blanco@usc.es/ 881811859)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Filoloxía Inglesa e Alemá/

Resumo:

Que as linguas cambian é algo que todos temos comprobado. Unha simple ollada a como falan ou escriben os nosos pais e avós e como o facemos nós abonda para darnos conta das diferenzas. O inglés, como lingua global de comunicación, non está nin moito menos exento destes cambios.

Nesta charla-obra faremos un percorrido práctico por como foi cambiando o inglés na súa historia e por como está a cambiar na actualidade, percorrendo para iso a casos e exemplos prácticos. Descubriremos tamén a relación do inglés coas linguas románicas, non só como lingua da cal o galego e o castelán toman innúmeros préstamos (por exemplo, smartphone, cringe, ou bro), senón tamén como lingua que por cuestións históricas comparte boa parte do seu léxico coas linguas romances. Deste xeito, palabras como squirrel e esquío, castle-castelo-castillo ou marmelade-marmelada-mermelada están todas relacionadas entre si. Nesta viaxe a través da historia converterémonos, pois, en detectives lingüísticos e exploraremos mostras reais da lingua, desde textos de autores como Shakespeare ata publicacións en redes sociais.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente horario de mañá. De xaneiro a maio só os luns, xoves e venres. Distancia máxima de 100 km.

Idioma en que se impartirá: Galego;Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-142

Título: Montes veciñais: caracterización, historia e papel no desenvolvemento rural

Profesorado: Copena Rodríguez, Damián

(damian.copena@usc.gal/ 982824443)

Facultade/Escola: Facultade de Administración e Dirección de Empresas (L)

Departamento universitario: Economía Aplicada/ Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

Resumo:

Na charla tratarase a temática dos montes veciñais en man común. En concreto, explicaranse en que consisten e cal é a súa importancia en Galicia. Falarase da súa relevancia desde a investigación científica, da dinámica histórica que teñen experimentado e mostraranse diversos exemplos de boas prácticas vinculadas co desenvolvemento rural

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Meses de xaneiro a maio. Distancia máxima de 100 kms desde Lugo.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-143

Título: O salto á universidade como catalizador do potencial individual

Profesorado: Pampín Soraya, Fraga

(soraya.fraga.pampin@usc.es/ 881816054)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Microbioloxía e Parasitoloxía/ Instituto de Acuicultura

Resumo:

A miúdo cando é hora de escoller unha carreira universitaria, enfocámonos a seguir un camiño preestablecido de oportunidades laborais. Moitas veces por descoñecemento. Esta sensación é moi normal. Baseámonos en experiencias próximas ou buscas online de posibles saídas. Se ben é innegable que unha boa formación universitaria é un pilar fundamental. O grao, así como todas as actividades complementarias que o enriquecen, son, en si mesmas, unhas fontes de información para o descubrimento de saídas laborais que non estaban no noso imaxinario cando tomamos esta decisión. Varios ingredientes fundamentais que axudan a dar este paso son: curiosidade, interese, compromiso e paixón.

A intención desta charla é aportarlle ao estudantado unha visión de como apoiarse nun grao formativo, para a partir de aí catapultase sen límites á realización persoal.

A decisión de estudar biotecnoloxía fundamentouse da miña paixón e curiosidade pola bioloxía na etapa do instituto. Iniciei a carreira moi enfocada á biotecnoloxía sanitaria. Porén, as diferentes materias que cursei, causaron un derroteiro na miña curta andaina profesional. Se ben imaxinaba o futuro no mundo farmacéutico e no traballo con células eucariotas, a microbioloxía abriu un novo camiño cheo de posibilidades.

O laboratorio no que realizo a tese enmárcase no Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía. Traballamos fundamentalmente con 2 patóxenos bacterianos de peixes, que causan elevadas mortalidades. *Photobacterium damsela* subsp. *damsela* e *Photobacterium damsela* subsp. *piscicida* (Pdp): Dúas especies “irmás” que teñen uns modos de vida moi diferentes. Cabe destacar que os peixes son susceptibles a multitude de patóxenos. Co obxectivo de paliar o impacto destas enfermidades, os peixes son vacinados e de ser o caso tamén reciben tratamento con antibióticos. Actualmente centrámonos na mellora das vacinas, así como no coñecemento da vía de transmisión destes patóxenos (especialmente Pdp) así como na optimización das súas condicións de cultivo in vitro. Para iso facemos uso de técnicas xenómicas e proteómicas así como de outras aproximacións dependentes de cultivo. En concreto, os meus obxectivos principais o estudo do proteoma de Pdp en diferentes condicións de cultivo, así como a caracterización do proteoma tanto de Pdp coma das especies hospedeiras durante diferentes estadios infectivos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Calquera día da semana e mes, preferiblemente en horario de mañá. Distancia máxima 100km

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego;Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 10

Código: ChT-144

Título: Isto non vai de comas: a lingüística que non sabías que existía

Profesorado: Ponce Romero, Clara Macarena

(clara.ponce@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

Moitas veces pensamos que a lingüística trata só de regras, acentos gráficos e comas. Pero esta charla ten un obxectivo claro: romper esa idea e descubrir que a lingüística é moito máis. É a ciencia que estuda como funciona a linguaxe en todas as súas dimensións, desde como aprendemos a falar ata como a linguaxe inflúe na maneira en que pensamos, sentimos e nos relacionamos. Nesta sesión imos facer un percorrido por preguntas curiosas e actuais que a lingüística intenta responder.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente zona do Barbanza, Santiago e arredores.

Non dispoñible entre o 29/09/25 - 3/10/25, nin do 26/11/25 - 28/11/25.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-145

Título: Escaneando o mundo coa tecnoloxía LiDAR

Profesorado: Fernández Rivera, Francisco

(ff.rivera@usc.es/ 881816470)

Facultade/Escola: Escola Técnica Superior de Enxeñaría (S)

Departamento universitario: Electrónica e Computación/ Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS)

Resumo:

Nun mundo marcado por transformacións profundas, a xeografía preséntase como unha ferramenta chave para interpretar a complexidade inherente á contorna que nos envolve e que tanto modificamos como seres humanos. Esta charla abordará como o concepto de Antropoceno nos convida a repensar a nosa presenza no planeta, o que comporta mobilizar ao mesmo tempo fenómenos como o quecemento global, os desastres climáticos, a fame, a mundialización, a urbanización e as guerras e conflitos derivados da presión sobre os recursos. A partir dunha ollada integral, propónse concibir o cambio global+C73:C99 desde unha perspectiva xeográfica que conecta o coñecemento dos aspectos ambientais e naturais cos sociais e culturais, de xeito que se pretende promover así unha comprensión crítica, sensible, implicada e integral do mundo. [Máis información en xeografia.gal]

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Non teño restriccións importantes**

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-146

Título: O oso pardo en Galicia: situación actual, mellora do hábitat e papel da educación ambiental

Profesorado: Díaz-Maroto Hidalgo, Ignacio Javier

(ignacio.diazmaroto@usc.es/ 982823008)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Situación actual da poboación de oso pardo en Galicia, actuacións para a mellora do seu hábitat natural. Papel da educación ambiental na sensibilización da poboación de zonas con presenza do plantígrado.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) As datas mais axeitadas serían entre outubro-decembro de 2025, e posteriormente, entre febreiro-abril de 2026. Tamén, podería impartila noutra data, sempre e cando, se programe coa suficiente antelación.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-147

Título: A conservación e a xestión sustentable dos nosos bosques naturais de frondosas autóctonas

Profesorado: Díaz-Maroto Hidalgo, Ignacio Javier

(ignacio.diazmaroto@usc.es/ 982823008)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

Descrición interactiva mediante material audiovisual dos nosos bosques naturais de frondosas autóctonas (carballeiras, fragas, soutos, faiais, bosques de ribeira,...): situación actual, ecoloxía, servizos dos ecosistemas, importancia da súa conservación, e xestión sustentable.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) As datas mais axeitadas serían entre outubro-decembro de 2025, e posteriormente, entre febreiro-abril de 2026. Tamén, podería impartila noutra data, sempre e cando, se programe coa suficiente antelación.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-148

Título: A función da paisaxe como compoñente esencial no desenvolvemento territorial sustentable

Profesorado: Díaz-Maroto Hidalgo, Ignacio Javier

(ignacio.diazmaroto@usc.es/ 982823008)

Facultade/Escola: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Agroforestal/

Resumo:

A charla versará sobre a importancia da conservación das paisaxes, así como da súa función no desenvolvemento territorial sustentable. Tamén se falará do Atlas e do Catálogo das Paisaxes de Galicia

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) As datas mais axeitadas serían entre outubro-decembro de 2025, e posteriormente, entre febreiro-abril de 2026. Tamén, podería impartila noutra data, sempre e cando, se programe coa suficiente antelación.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 6

Código: ChT-149

Título: Rubén Darío e Quevedo, "poetas da morte"

Profesorado: Alonso Veloso, María José

(mariajose.alonso@usc.es/ 881811802)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

Na traxectoria que discorre desde o primeiro até o último dos libros do poeta nicaraguano Rubén Darío, pero moi especialmente nos máis tardíos, apréciase a súa aguda conciencia sobre o paso do tempo e a desaparición final, mitigada apenas polo brillo e o colorido do optimismo en moitos momentos. Este motivo percorre a súa poesía, achegándoa a un dos motivos barrocos predilectos e, con el, a un dos seus máis destacados intérpretes: Francisco de Quevedo.

O escritor latinoamericano escribiu moitos poemas nos que a morte (presente ou presentida) é protagonista. Na súa obra están presentes os xuízos críticos sobre a literatura áurea e as mencións explícitas de Quevedo, cuxa influencia puido acentuar a súa reflexión arredor da morte. Pablo Neruda fixouse neste aspecto, un dos máis representativos do legado do autor barroco, que parece exercer unha atracción "fatal" desde Darío até unha parte substancial dos poetas do 27, en todo o século XX e até a actualidade.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) No caso de centros situados nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela, a charla poderá ser presencial ou virtual. No resto dos casos, será virtual. Cando sexa telemática, será máis sinxelo axustarme ós intereses (días e horas preferidas) dos centros, sempre e cando non coincida con outras actividades. As charlas necesitan 2 horas lectivas

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-150

Título: Un Século de Ouro á marxe: aproximación á poesía escrita por mulleres

Profesorado: Alonso Veloso, María José

(mariajose.alonso@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

O Século de Ouro concentra nun reducido período de tempo algúns dos nomes máis sobranceiros da historia da nosa literatura: Cervantes, Góngora, Lope de Vega, Quevedo, Calderón... Nesta etapa prodixiosa producíronse importantes "revolucións" nos tres grandes xéneros. Malia as dificultades evidentes que tiñan as mulleres polas circunstancias daquel tempo, un grupo de autoras máis amplo de que adoitamos imaxinar colleron a pluma e deixaron a súa feble pegada en xéneros e modalidades literarias diversas. A charla basearase nunha mostra significativa de versos e poemas con nome de muller, co obxectivo de recuperar un Século de Ouro escrito á marxe, que cómpre coñecer como paso previo a un xuízo crítico sobre esta literatura aínda pouco coñecida. Xunto cos escritores "segundóns" ou epígonos, cos de segunda ou terceira fila, sempre á sombra dos xigantes, estas poetas son imprescindibles para trazar de xeito máis preciso os perfís dunha época literaria única e irrepetible.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) No caso de centros situados nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela, a charla poderá ser presencial ou virtual. No resto dos casos, será virtual. Cando sexa telemática, será máis sinxelo axustarme ós intereses (días e horas preferidas) dos centros, sempre e cando non coincida con outras actividades. As charlas necesitan 2 horas lectivas

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-151

Título: O obradoiro do filólogo e a conservación do patrimonio literario

Profesorado: Alonso Veloso, María José

(mariajose.alonso@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

As humanidades, e a filoloxía en particular, semellan sempre baixo sospeita de seren saberes pouco útiles ou afastados da vida real. Moitas veces as devanditas ideas dependen dunha idea equivocada, ou polo menos afastada, do que é un filólogo, unha filóloga. Poucas persoas imaxinan a variedade das tarefas que realizamos. Neste caso, preténdese achegar aos alumnos de secundaria a unha das facetas posibles da nosa actividade, no eido da investigación: a edición crítica dos textos, o labor de recuperación e conservación do noso patrimonio literario clásico, a través da literatura barroca española e a figura e as obras de Francisco de Quevedo.

Elixiranse exemplos de obras poéticas e narrativas de Quevedo para explicar o funcionamento do obradoiro filolóxico da edición crítica: a busca detectivesca de manuscritos e impresos nas bibliotecas, o estudo destas fontes, a transcripción dos textos, a súa interpretación... ata a publicación dos textos que poñemos a disposición dos lectores, entre eles os estudantes de ESO ou BAC. As charlas basearanse en presentacións nas que o elemento esencial serán as imaxes das fontes textuais do pasado conservadas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) No caso de centros situados nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela, a charla poderá ser presencial ou virtual. No resto dos casos, será virtual. Cando sexa telemática, será máis sinxelo axustarme ós intereses (días e horas preferidas) dos centros, sempre e cando non coincida con outras actividades. As charlas necesitan 2 horas lectivas

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-152

Título: A poesía barroca: Góngora e Quevedo fronte a fronte (con Lope de fondo)

Profesorado: Alonso Veloso, María José

(mariajose.alonso@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral/

Resumo:

A charla permitirá achegar ao estudantado as máis sobranceiras figuras da poesía barroca. A través dunha breve selección de textos poéticos poderán coñecer o ambiente literario no que Góngora, Lope e Quevedo escribiron, prestando especial atención ás polémicas e inimizadas literarias reflectidas nos textos. A coincidencia de tres xenios da literatura nun estreito campo literario favoreceu o enfrontamento e a competencia.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) No caso de centros situados nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela, a charla poderá ser presencial ou virtual. No resto dos casos, será virtual. Cando sexa telemática, será máis sinxelo axustarme ós intereses (días e horas preferidas) dos centros, sempre e cando non coincida con outras actividades. As charlas necesitan 2 horas lectivas

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-153

Título: Coidar para investigar: o papel do veterinario na investigación con animais e o seu exame clínico

Profesorado: Hernández Malagón, José Ángel

(joseangel.malagon@usc.es/ 982822642)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Patoloxía Animal/

Resumo:

A experimentación animal, a pesar de ser un tema sensible, foi e continúa a ser fundamental para o avance da medicina humana e veterinaria. Grazas a ela desenvóléronse vacinas, tratamentos contra enfermidades graves e técnicas diagnósticas que salvan vidas. Con todo, a sociedade actual esixe que esta investigación se leve a cabo cunha base ética sólida e un respecto absoluto polo benestar dos animais implicados.

Nesta charla afondaremos no papel esencial que desempeña o veterinario neste contexto. O seu labor non se limita ao coidado dos animais, senón que tamén actúa como garante da súa saúde, do cumprimento das normativas e da correcta aplicación dos principios das 3R: Reducir o número de animais utilizados, Refinar os procedementos para minimizar o sufrimento e Remudar os animais por métodos alternativos, sempre que sexa posible.

A través dunha linguaxe clara e accesible, explicaremos como o veterinario realiza o exame clínico destes animais: unha avaliación sistemática que permite detectar sinais de dor, estrés ou enfermidade. Esta tarefa, que forma parte da formación clínica básica do veterinario, coñécese como propedéutica clínica, e constitúe unha ferramenta esencial para garantir que os animais empregados en investigación se atopen en condicións óptimas de saúde e benestar.

Tamén falaremos da participación do veterinario nos comités de ética e da súa colaboración cos equipos investigadores para deseñar estudos máis responsables e humanitarios. A súa figura actúa como ponte entre o coñecemento científico e a protección animal, contribuíndo a unha investigación máis respectuosa, fiable e xusta.

Dirixida a estudantes e público xeral, esta charla pretende achegar unha visión realista e comprometida da experimentación animal, onde a ciencia non avanza á custa dos animais, senón grazas ao coidado responsable de profesionais formados para protexelos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de tarde, 2 semestre**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-154

Título: Para qué sirven as redes de vixilancia de enfermidades? Todos podemos participar

Profesorado: Abreu Ramos, Inês Isabel

(inesabreu.ramos@usc.es/ 982822126)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Patoloxía Animal/ Campus Terra

Resumo:

As carrachas alimentáanse do sangue de vertebrados terrestres e tamén poden transmitir enfermidades que afectan a saúde humana e animal. Dado a súa importancia médico-veterinaria, coñecer as especies, o seu comportamento e os hábitats onde se atopan é clave para avaliar riscos e mellorar a súa vixilancia. É por iso que distintas redes de vixilancia se foron creando ao longo das últimas décadas, sempre co obxectivo primordial de previr antes que tratar.

En Galicia, o grupo de investigación COPAR (GI-2120, Universidade de Santiago de Compostela) colabora coa Rede Galega de Vixilancia de Vectores (ReGaViVec), creada ó abeiro dun convenio entre as consellerías de Sanidade e Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo. Entre os procedementos realizados, están as campañas de mostraxes de vexetación en toda Galicia, na que se recollen carrachas mediante técnicas específicas en sete tipos de vexetación (aciculisilva, caducifolio, mixto, matogueira, prado, cultivo e carreiro), e en hábitats clasificados segundo o seu grao de antropización (forestal, rural, urbano).

As carrachas máis atopadas nesta comunidade autónoma son responsables de transmitir enfermidades como a borreliose de Lyme, que afecta moitas persoas na provincia de Lugo. As especies achadas, por orde de maior a menor abundancia, son *Ixodes ricinus*, predominante en carreiros e ambientes forestais; *Dermacentor reticulatus*, en bosque mixto e rural; *Dermacentor marginatus*, en aciculisilva e ambientes rurais, *Rhipicephalus sanguineus sensu lato*, en bosque caducifolio e *Haemaphysalis punctata*, en aciculisilva. Tamén se detectan outras especies minoritarias.

Os resultados permiten identificar zonas de maior risco e destacan a necesidade de continuar co estudo ecolóxico das carrachas como ferramenta esencial de prevención en saúde pública.

O obxectivo é achegarlle ao alumnado de ensino medio as diferenzas entre algunhas das carrachas máis atopadas, a súa importancia como axentes de risco sanitario e a investigación/desenvolvemento de redes de vixilancia interdisciplinarias como ferramenta para previr ese risco.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Xoves e venres outubro novembro decembro pola mañá o tarde / máx 200 km

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 8

Código: ChT-155

Título: Que son os vectores de enfermidades? Importancia en Galicia

Profesorado: Abreu Ramos, Inês Isabel

(inesabreu.ramos@usc.es/ 982822126)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Patoloxía Animal/ Campus Terra

Resumo:

Os virus, bacterias e parasitos transmitidos por carrachas e mosquitos son unha ameaza silenciosa para a saúde humana e animal. Moitas veces circulan sen causar síntomas evidentes ou moi xerais (comúns a moitas patoloxías), pero nalgúns casos poden provocar enfermidades graves. O cambio climático, movementos de animais, viaxes, comercio internacional, o achegamento do ser humano a zonas boscosas e o aumento do seu contacto co animais silvestres, entre outros motivos, fan que as poboacións de mosquitos e carrachas cambien ou incluso aumenten. Por iso, moitas das enfermidades que transmiten son xa consideradas como emerxentes. Nesta charla exploraremos como se detecta a presenza de patóxenos no medio natural, en animais e persoas e cales son as estratexias que empregamos para vixiar a súa circulación co uso de animais sentinela.

Falaremos do uso de técnicas moleculares, como a PCR, para identificar o material xenético destes patóxenos, así como do papel fundamental que xogan os animais sentinela (como cans, aves, cabalos ou mesmo gando) na detección temperá de enfermidades transmisibles ás persoas através do uso de técnicas inmunolóxicas (ELISA, IFI, aglutinación etc.). Tamén veremos exemplos reais de estudos realizados polo grupo de investigación COPAR en colaboración coa Rede Galega de Vixilancia de Vectores no marco de programas de vixilancia epidemiolóxica.

A sesión pretende achegar o alumnado ao mundo da investigación biomédica e ecolóxica, amosando como a ciencia traballa para protexer a saúde pública e como se relacionan a veterinaria, a medicina e o medio ambiente no que se coñece como o enfoque One Health.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **xoves e venres outubro novembro e decembro pola mañá o tarde / máx 200 km**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 8

Código: ChT-156

Título: Por que recollemos as feces dos nosos cans e os desparasitamos de maneira preventiva? As implicacións na saúde humana

Profesorado: Abreu Ramos, Inês Isabel

(inesabreu.ramos@usc.es/ 982822126)

Facultade/Escola: Facultade de Veterinaria (L)

Departamento universitario: Patoloxía Animal/ Campus Terra

Resumo:

Os animais poden transmitirllles enfermidades ás persoas e viceversa: estas doenzas coñécense como zoonoses. Moitas destas formas infectantes perigosas para os seres humanos atópanse nas feces das nosas mascotas, especialmente dos cans. Por este motivo existen campañas que insisten na importancia de recoller os excrementos e desparasitar aos animais de maneira preventiva. Non é só unha cuestión de hixiene ou estética: tamén é unha medida de saúde pública.

Nesta charla, daremos a coñecer as zoonoses máis comúns que poden transmitirse desde os cans ás persoas, así como os métodos que se empregan para controlalas. Veremos como certas prácticas habituais, como a desparasitación periódica, a hixiene urbana e a concienciación cidadá, axudan a reducir a súa incidencia ou mesmo a erradicalas.

Esta charla busca promover o coñecemento sobre a conexión entre saúde animal e humana e poñer en valor a responsabilidade que temos como donos/as de mascotas no coidado da saúde colectiva.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **xoves e venres en outubro novembro e decembro pola mañá o tarde / máx distancia 200 km**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 8

Código: ChT-157

Título: As normas de seguridade para xogar con tesoiras moleculares

Profesorado: González Blanco, Miguel

(miguel.gonzalez.blanco@usc.es/ 881815386)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Bioquímica e Bioloxía Molecular/ Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS)

Resumo:

Todos os días, o ADN de cada unha das nosas células sofre moreas de mutacións e roturas que comprometen a fidelidade da información xenética que contén. Para combater tal ameaza, as células dispoñen de todo un abano de sistemas de reparación encargados de restaurar a integridade do xenoma, previndo así o risco de desenvolver patoloxías como o cancro ou a infertilidade. Un dos mecanismos de reparación do ADN máis salientables é a recombinación homóloga. Curiosamente, para realizar a súa función protectora da dobre hélice, a recombinación homóloga emprega unha serie de manobras aparentemente perigosas, como a xeración de hélices ramificadas ou a introdución de novas roturas mediante proteínas especializadas en cortar o ADN. Nesta charla falaremos de como funcionan estas tesoiras moleculares e de por que é esencial que as células se aseguren de que non se pasan da raia cortando.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferentemente no primeiro cuatrimestre, pero podería acomodar algunhas datas no segundo se non coincide coas tarefas docentes. Preferiblemente en horario de mañá se é fora de Santiago. Disponibilidade xeográfica: Eixo de tren Vigo-Coruña e Santiago-Ourense, O Morrazo, ou ata unha hora (aprox) en coche dende Santiago.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego;Inglés

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-158

Título: A cultura como medio de dinamización social a partir da investigación antropolóxica

Profesorado: Oca González, Luzia

(luzia.oca@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Humanidades (L)

Departamento universitario: Filosofía e Antropoloxía/ Instituto de Estudios e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Resumo:

Preténdese achegar ao alumnado o coñecemento práctico da antropoloxía e o método etnográfico, como medios para investigar a realidade social e propor proxectos de dinamización que utilicen a cultura como medio de integración social, con exemplos concretos a partir da experiencia da docente con mulleres e colectivos migrantes en Galicia e Cabo Verde

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Dada a diversidade de horarios lectivos ao longo do curso, para a impartición terase que ter en conta a miña dispoñibilidade, que é variábel. Zonas onde podería impartir charlas: A Mariña de Lugo (preferente), Terra Chá e Lugo (cidade).

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-159

Título: Ofertas laborais para os Graos de Medicina e Odontoloxía

Profesorado: Lagarón Sanjurjo, Constantino

(constantino.lagaron.sanjurjo@usc.es/ 986502796)

Facultade/Escola: Facultade de Medicina e Odontoloxía (S)

Departamento universitario: Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas/

Resumo:

Exposición das saídas laborais máis relevantes que terán os novos graos en Medicina e Odontoloxía

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) A partir del mes de Octubre 2025 de
Lunes a Viernes en horario de mañana (08:00-15:00)

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-160

Título: Enerxía nuclear. Unha enerxía segura?

Profesorado: Fernández Carrasco, Eugenio

(eugenio.fernandez@usc.es/ 982824075)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/

Resumo:

Coa escaseza cada vez maior de reservas de combustibles fósiles, estanse a formular unha serie de alternativas para satisfacer a cada vez máis importante demanda de enerxía por parte do ser humano. Unha delas é a utilización de enerxía nuclear, unha enerxía que non ten moi boa aceptación entre a opinión pública. Nesta charla divulgativa expóñense as principais vantaxes e problemas da utilización deste tipo de enerxía co fin de que as persoas asistentes poidan formarse unha idea global e opinar por si mesmas se é ou non unha aposta segura.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente os venres, de decembro a xuño e en horario de mañá. A ser posible nas provincias de Lugo (preferentemente) e Coruña malia que non hai problema en desprazarme puntualmente a outros puntos da Comunidade Autónoma.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-161

Título: A pegada ecolóxica e a débeda ecolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia

Profesorado: Fernández Carrasco, Eugenio

(eugenio.fernandez@usc.es/ 982824075)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/

Resumo:

A pegada ecolóxica é un indicador ambiental que mide o efecto das actividades dunha comunidade de seres humanos sobre o seu contorno, expresado en número de hectáreas de ecosistemas produtivos. O obxectivo principal da pegada ecolóxica é o de avaliar o impacto que exerce sobre o planeta un determinado modo de vida e o seu consecuente grao de desenvolvemento sustentábel. Nesta charla introdúcese o concepto de pegada ecolóxica, como se pode calcular e a súa aplicación á Comunidade Autónoma de Galicia.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente os venres, de decembro a xuño e en horario de mañá. A ser posible nas provincias de Lugo (preferentemente) e A Coruña malia que non hai problema en desprazarme puntualmente a outros puntos da Comunidade Autónoma.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-162

Título: Cambio climático. Estamos a receitar paracetamol para tratar un planeta na UCI?

Profesorado: Fernández Carrasco, Eugenio

(eugenio.fernandez@usc.es/ 982824075)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Enxeñaría Química/

Resumo:

O cambio climático é un problema global que require da colaboración de todos para combatelo. Algúns dos seus efectos máis importantes son o aumento das temperaturas globais do planeta, o troco nos patróns das chuvias, máis secas e ondas de calor, desxeo dos polos, aumento do nivel do mar, etc. Pero, estamos a aplicar os remedios axeitados?

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferiblemente os venres, de decembro a xuño e en horario de mañá. A ser posible nas provincias de Lugo (preferentemente) e Coruña malia que non hai problema en desprazarme puntualmente a outros puntos da Comunidade Autónoma.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 7

Código: ChT-163

Título: Química, alimentos e cociña

Profesorado: Riguiera Vega, Ricardo

(ricardo.riguera@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/ Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)

Resumo:

Utilizando os principios da química, móstrase a natureza dos alimentos (que son e de que están feitos) e das especias (orixe, cor e sabor), as súas transformacións ao cociñalos e a ciencia que explica os métodos de conservación. Todo iso ilústrase con exemplos dos nosos alimentos e preparacións máis comúns (infusións, café soluble, caldos, guisos, fritir, ferver, escabechar etc.).

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.)

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-164

Título: A natureza vista desde as ciencias: unha visión interdisciplinaria da ciencia e da química

Profesorado: Riguera Vega, Ricardo

(ricardo.riguera@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/ Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)

Resumo:

A complexidade da natureza fai que para estudala teñamos que distribuír o noso traballo – especializarnos– en partes “científicas” aparentemente independentes (xeoloxía, bioloxía, química, física...) que estudan aspectos concretos dese “todo” que é a natureza. Descríbense as características de cada ciencia, a importancia da interdisciplinariade e as diferenzas coa enxeñaría. Preséntanse criterios básicos para que o alumnado saiba cal delas se adapta mellor ás súas características. Na segunda parte descríbese o papel da química na ecoloxía, a cociña e a alimentación, a biotecnoloxía, os plásticos, os materiais, a nanotecnoloxía, o medio ambiente etc.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.)

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-165

Título: Que ten que ver a química con nós? Os produtos naturais, fármacos, plásticos, biotecnoloxía, ecoloxía, nanotecnoloxía...

Profesorado: Riguera Vega, Ricardo

(ricardo.riguera@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/ Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)

Resumo:

Indícase a conexión entre a Química e a vida cotián de todos nós, con exemplos de produtos naturais, fármacos, plásticos e outros compostos que empregamos todos os días. Tamén se mostran exemplos comúns dos procesos baseados na biotecnoloxía, a ecoloxía e as nanociencias. A charla ten carácter divulgativo, apropiado para alumnos sen coñecementos previos de química ou cos máis elementais, e trata de levar os alumnos a interesarse polos aspectos químico-científicos que interveñen na vida cotián.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) ----

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-166

Título: Novos avances tecnolóxicos no ámbito da saúde: a nanomedicina

Profesorado: Taboada Antelo, Pablo;Barbosa Fernández, Silvia

(pablo.taboada@usc.es;silvia.barbosa@usc.es/ 881814111 (pablo); 881814115 (silvia))

Facultade/Escola: Facultade de Física (S)

Departamento universitario: Física de Partículas/ Instituto de Materias (iMATUS)

Resumo:

Nesta charla comentárase como as ferramentas que provén a nanotecnoloxía se poden aplicar ao campo biomédico, coas súas vantaxes, inconvenientes e limitacións, para xerar novos dispositivos capaces de actuar como sistema de transporte de fármacos, simultaneamente como sistemas de contraste por imaxe e axentes terapéuticos (plataformas teragnósticas) controlables a demanda, como sistemas estruturados para a rexeneración de tecidos, etc., e expóranse diversos exemplos curiosos que exemplifican axeitadamente as capacidades e potencialidade desta rama da ciencia denominada nanomedicina.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) 1. Horario de mañá; 2. Distancia máxima 100-120 km

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-167

Título: Como deseñar medicamentos coa axuda dos computadores

Profesorado: González Bello, Concepción

(concepcion.gonzalez.bello@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/

Resumo:

Nos últimos tempos, o desenvolvemento de computadores de gran capacidade, máis potentes e eficientes, supuxo unha revolución no panorama farmacéutico, co desenvolvemento de metodoloxías e programas que modificaron a forma en que hoxe en día se deseñan os fármacos. Xa non se seguen estratexias de “ensaio-erro”, é dicir: preparo no laboratorio un composto cunha idea e logo ensaio se me funciona. Agora, podemos predicir con antelación se poderían ser bos ou non e así centrarnos nos máis prometedores. Na charla explicarase con exemplos prácticos como esta tecnoloxía punteira permite desenvolver os novos fármacos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **É preciso contactar co profesor para acordar a data e o horario.**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-168

Título: A química fronte ao reto das superbacterias

Profesorado: González Bello, Concepción

(concepcion.gonzalez.bello@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/

Resumo:

O descubrimento da penicilina durante a primeira metade do século XX, e todos os antibióticos desenvolvidos a partir de entón, representa sen dúbida un dos logros máis importantes en medicina. Estes fármacos non só salvaron millóns de vidas, senón que tamén son unha ferramenta chave no éxito dos procedementos hospitalarios comúns, como a cirurxía xeral, a diálise, o tratamento fronte ao cancro, etc. Lamentablemente, a capacidade destas medicinas para curar as infeccións está agora en grave perigo debido á aparición e propagación mundial das superbacterias: aquelas que son inmunes a varios antibióticos. Nesta charla abordarase como a ciencia se está enfrontando a este problema, e explicaranse as estratexias químicas máis novidasas que se están a utilizar para desenvolver solucións para el.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) É preciso contactar co profesor para acordar a data e o horario.

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-169

Título: Emerxencia climática: boas prácticas educativas de mitigación e adaptación ao cambio climático nos centros educativos

Profesorado: Vargas Callejas, Germán

(german.vargas@usc.es/ 881813820)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias da Educación (S)

Departamento universitario: Pedagogía e Didáctica/

Resumo:

Conceptos como emerxencia climática, cambio climático, quecemento global... xa forman parte da nosa realidade cotiá. Neste contexto, só queda reaccionar de forma resiliente e propositiva. O obxectivo desta charla temática é presentar e cuestionar un conxunto de alternativas educativas, recoñecidas como boas prácticas, para mitigar e adaptarse ao cambio climático nos centros educativos. Para que o profesorado e o alumnado teñan o coñecemento, a información e a motivación para propoñer e practicar estilos de vida alternativos, axustados á actual situación de emerxencia climática. Por outra banda, desde unha dinámica interactiva, preténdese poñer en valor as iniciativas e accións, colectivas e individuais, que se están realizando en cada centro para afrontar o problema local e global do cambio climático.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Só podo impartir as charlas para partir do mes de febreiro de 2026.**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-170

Título: O misterio dos números primos: entre o caos e a orde

Profesorado: Rivero Salgado, Óscar

(oscar.rivero@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Matemáticas/ Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

Resumo:

Os números primos son os "átomos" da aritmética, pero o seu comportamento agocha moitos enigmas. Nesta charla exploraremos patróns, rarezas e preguntas abertas sobre os primos, combinando exemplos curiosos e intuición matemática.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Lugares próximos a Santiago ou ao que se poida chegar por tren (Ourense, Vigo, A Coruña...). No primeiro cuadrimestre ten que ser de mañá. No segundo, ten que ser mércores, xoves ou venres.

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-171

Título: Contar é máis difícil do que parece

Profesorado: Rivero Salgado, Óscar

(oscar.rivero@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Matemáticas/ Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

Resumo:

Cantas tiradas dun dado fan falta para ver un seis? Canto se tarda en recoller todas as cartas dun xogo? E por que dúas persoas calquera teñen case sempre o mesmo aniversario? Nesta charla exploraremos paradoxos, xogos e trampas da combinatoria.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Santiago e arredores ou outras cidades e vilas accesibles por tren (Ourense, A Coruña, Vigo...).

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 2

Código: ChT-172

Título: Biopsia Líquida

Profesorado: Núñez González, Cristina

(cristina.nunez.gonzalez@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias (L)

Departamento universitario: Química Inorgánica/

Resumo:

Importancia da biopsia líquida no campo da medicina de precisión, concretamente na oncoloxía de precisión. Describíranse as vantaxes respecto da biopsia en tecido e da súas aplicacións na clasificación, diagnose e seguimento de distintos tipos de cancro.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario de mañá en Lugo capital**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-173

Título: As fronteiras na xeografía do mundo actual

Profesorado: Trillo Santamaría, Juan Manuel; Paül Carril, Valerià

(juanmanuel.trillo@usc.es; v.paul.carril@usc.gal/ 881812591)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/

Resumo:

As fronteiras son coñecidas polo xeral como liñas que demarcan os países. Velaí os muros, os valados e os peches que están no centro da actualidade -Ceuta e Melilla, Estados Unidos/México ou Israel/Palestina, por mencionar tres mostras paradigmáticas-. lonxe de abalar, non se paran de reforzar e resultan escenarios de conflitos abertos. Porén, nas últimas décadas, no contexto da Unión Europea, as fronteiras están a converterse en ámbitos privilexiados para a cooperación, por exemplo a través de programas como INTERREG. Na charla mobilizaremos en todo momento distintas realidades fronteirizas do planeta desde unha abordaxe xeográfica e, particularmente, xeopolítica, con incursións constantes en aspectos tales como as migracións ou a xestión de recursos naturais en áreas fronteirizas. [Máis información en xeografia.gal]

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Preferiblemente horario de mañana**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-174

Título: A xeografía, a ciencia para comprender o planeta no Antropoceno

Profesorado: Paül Carril, Valerià; Pazos Otón, Miguel; Trillo Santamaría, Juan Manuel; Vila Vázquez, José Ignacio

(v.paul.carril@usc.gal; miguel.pazos.oton@usc.es; juanmanuel.trillo@usc.es; jose.vila.vazquez@usc.es/ 881812591)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Xeografía/

Resumo:

Nun mundo marcado por transformacións profundas, a xeografía preséntase como unha ferramenta chave para interpretar a complexidade inherente á contorna que nos envolve e que tanto modificamos como seres humanos. Esta charla abordará como o concepto de Antropoceno nos convida a repensar a nosa presenza no planeta, o que comporta mobilizar ao mesmo tempo fenómenos como o quecemento global, os desastres climáticos, a fame, a mundialización, a urbanización e as guerras e conflitos derivados da presión sobre os recursos. A partir dunha ollada integral, propónse concibir o cambio global desde unha perspectiva xeográfica que conecta o coñecemento dos aspectos ambientais e naturais cos sociais e culturais, de xeito que se pretende promover así unha comprensión crítica, sensible, implicada e integral do mundo. [Máis información en xeografia.gal]

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Procuraremos adaptarnos ás necesidades dos centros**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-175

Título: Moléculas en acción

Profesorado: Leis Fidalgo, José Ramón

(joseramon.leis@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Física/

Resumo:

Destaca a importancia da química como ciencia central a través de experimentos e demostracións en vivo, explicados en directo. Tamén inclúe algúns vídeos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Horario e día a fixar co centro**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 4

Código: ChT-176

Título: Plásticos e polímeros. Que son, para que serven?

Profesorado: Riguera Vega, Ricardo

(ricardo.riguera@usc.es/ 881815728)

Facultade/Escola: Facultade de Química (S)

Departamento universitario: Química Orgánica/ Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)

Resumo:

Mostrarase brevemente a estrutura xeral, propiedades e usos dos polímeros plásticos máis importantes (elastómeros, fibras téxtiles, pinturas, pegamentos, resinas, próteses...).
Mostraranse exemplos de obxectos plásticos de uso cotián explicando a súa natureza e propiedades, así como os procedementos para a súa fabricación.

Mostrarase tamén a estrutura dos biopolímeros máis importantes (la, seda, algodón) e como modifícala quimicamente para optimizar as súas propiedades.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.)

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-177

Título: Incidencia de (micro)plásticos nos habitats costeiros do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Profesorado: Otero Pérez, Xosé Luis

(xl.otero@usc.es/ 881813300)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Edafoloxía e Química Agrícola/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

Primeramente presentarase a problemática da contaminación dos océanos e mares por plásticos. Posteriormente, presentaranse datos propios sobre a presenza de lixo mariño (macroplásticos) nas costas das illas Atlánticas de Galicia e de microplásticos nos principais areas e colonias de gaivotas.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Preferentemente venres (11-14h)**

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-178

Título: Tecnosois á carta. Unha nova estratexia para a restauración de zonas degradadas

Profesorado: Otero Pérez, Xosé Luis

(xl.otero@usc.es/ 881813300)

Facultade/Escola: Facultade de Bioloxía (S)

Departamento universitario: Edafoloxía e Química Agrícola/ Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientales (CRETUS)

Resumo:

Os tecnosois son aqueles solos, non agrícolas, cuxa propiedades e composición están fortemente influídos ou foron intensamente modificados pola actividade humana. Neste caso os tecnosois son feitos a partires de subprodutos (material de refugo como lodos, restos de podas...), que en moitas ocasións xeran danos ambientais ou un alto custo de xestión, pero que combinados axeitadamente dan lugar a un material con propiedades que permiten recuperar zonas fortemente degradadas como os espazos mineiros. Nesta charla preséntase o proceso e a aplicación en casos reais como a restauración da mina de cobre de Touro, augas do río Limia etc.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Preferente venres de 11 a 14 h

200km

Idioma en que se impartirá: Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BACH. e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-179

Título: A historia da industria dos camiós a partir dos anos 70 e a súa representación na cultura popular

Profesorado: Sanmartín Barros, Israel

(israel.sanmartin@usc.es/ 881812122)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

Nesta charla repasaremos o proceso de concentración da industria do camián dende os anos 70. Centrarémonos na industria europea e a súa evolución ata a data. Buscaremos o vínculo industrial coa emocionalidade sociolóxica e o sentimento cara ao “lugar” de traballo e a presenza dos camiós na cultura popular (videoxogos e cine).

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **segundo cuatrimestre**

Idioma en que se impartirá: Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5

Código: ChT-180

Título: A historia. Un estudo do pasado cara ao futuro

Profesorado: Sánchez Sánchez, Xosé Manoel

(xosemanuel.sanchez@usc.es/ 881812623)

Facultade/Escola: Facultade de Xeografía e Historia (S)

Departamento universitario: Historia/

Resumo:

A charla ofrecerá unha visión do estudo da historia na sociedade actual, para amosar as súas posibilidades en canto a contidos, xeración de coñecemento, itinerarios educativos e saídas profesionais. E para iso, partindo dos contidos máis clásicos, como a documentación de tempos pasados, chegaremos até as novas ferramentas empregadas en humanidades, como a IA. Todo para que o alumnado perciba non só a necesidade do pensamento crítico senón as súas posibilidades futuras e a súa necesidade na sociedade vindeira.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) De setembro a febreiro: luns a venres en horario de mañá. Preferentemente provincia de A Coruña.

Idioma en que se impartirá: Castelán;Galego

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-181

Título: Formación para o traballo e inserción laboral

Profesorado: Rial Sánchez, Antonio

(antonio.rial.sanchez@usc.es/)

Facultade/Escola: Facultade de Ciencias da Educación (S)

Departamento universitario: Pedagogía e Didáctica/

Resumo:

A charla pertence o ámbito da orientación laboral. Trátase de informar ao alumnado sobre os requisitos formativos e competencias precisas para inserirse no mercado do traballo, partindo da elección do grao ou ciclo formativo para o perfil profesional que desexarían desempeñar na súa transición á vida activa. Chámase tamén a atención sobre a importancia desa elección e sobre a oferta no mercado dese perfil, así como dos requisitos para manter a "empregabilidade" na revolución 4.0.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) Calquera data e día

Idioma en que se impartirá: Galego;Castelán

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-182

Título: Que teñen en común unha resonancia magnética e a inestabilidade dunha ponte?

Profesorado: Cabada Fernández, Alberto

(alberto.cabada@usc.gal/ 881813206)

Facultade/Escola: Facultade de Matemáticas (S)

Departamento universitario: Estatística, Análise Matemática e Optimización/ Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)

Resumo:

A resonancia aparece cando a vibración natural dun obxecto coincide co ritmo dunha forza externa. Pode estar detrás do colapso dunha ponte, do funcionamento dunha resonancia magnética ou dese son molesto entre auriculares. Pequenos impulsos, no momento xusto, poden ter grandes efectos.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) **Todo o curso en horario de mañá. Non máis de 100 km de distancia.**

Idioma en que se impartirá: Galego;

Estudantado ao que vai dirixida: 1 e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 3

Código: ChT-183

Título: Explora o alemán e as culturas dos países de fala alemá

Profesorado: Heiber, Katharina

(katharina.heiber@usc.gal/)

Facultade/Escola: Facultade de Filoloxía (S)

Departamento universitario: Filoloxía Inglesa e Alemá/

Resumo:

Nesta charla descubrirás por que o alemán abre portas: é unha lingua clave en Europa e a chave para coñecer culturas diversas, achegarse a un rico universo literario e cineástico, viaxar, estudar e traballar en países cheos de oportunidades. Ademais, aprenderemos algunhas palabras e expresións en alemán: o noso primeiro paso cara a un novo mundo.

Observacións: (Limitacións de Horarios, distancia, etc.) meses: novembro, a partir do 17 de xaneiro . Días da semana: preferiblemente xoves ou venres, mais son flexible

Distancia máxima: son flexible

Outro: precísase proxector

Idioma en que se impartirá: Castelán;

Estudantado ao que vai dirixida: 4º ESO, 1º e 2º de BAC e Ciclos Formativos Superiores

Nº máximo de veces que se impartirá: 5